

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

**4742** *Real decreto 304/2014, do 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.*

O real decreto desenvolve a Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, de acordo coa habilitación para o efecto conferida pola dita lei na súa disposición derradeira quinta.

O branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo preséntanse como fenómenos universais e globalizados, que aproveitan as vantaxes que ofrece a economía internacional e a paulatina eliminación de barreiras aos intercambios a nivel mundial. Neste caso, a resposta que a comunidade internacional debe ofrecer a este fenómeno debe ser coordinada e global.

A política de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo desenvolveuse en España en consonancia coa evolución dos estándares internacionais nesta materia. Uns estándares en cuxa configuración España colaborou activamente, a través da súa participación como membro do Grupo de Acción Financeira Internacional (GAFI), desde a súa fundación en 1989. Precisamente, o intenso compromiso coa elaboración das novas recomendacións de GAFI e a súa posterior aprobación en febreiro de 2012 levou á adopción de diferentes iniciativas no ámbito normativo tendentes a incorporar ao noso ordenamento as novidades contidas nelas.

Neste sentido, é importante salientar a modificación operada na Lei 10/2010, do 28 de abril, mediante a aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que incorpora, como novidades destacadas, a modificación do réxime aplicable ás persoas con responsabilidade pública, a reforma do sistema de dilixencia simplificada, a ampliación das potestades do Consello de Ministros á hora de adoptar sancións e contramedidas financeiras internacionais e o establecemento da obriga de estruturar os procedementos de control interno no nivel de grupo.

Coa aprobación do real decreto procédese, por unha banda, a culminar o novo enfoque orientado ao risco da normativa preventiva en España, incorporando, así mesmo, as principais novidades da normativa internacional xurdidas a partir da aprobación das novas recomendacións de GAFI.

Neste sentido, aínda que o enfoque orientado ao risco estaba xa incorporado na Lei 10/2010, do 28 de abril, este real decreto procede ao desenvolvemento e a concreción do dito concepto.

Tendo en conta os medios limitados de que dispoñen os suxeitos obrigados, imponse adoptar aquelas medidas que permitan incrementar a eficacia e eficiencia no uso deses recursos, facendo máis fincapé naquelas situacións, produtos e clientes que presentan un nivel de risco superior.

Desta forma, os suxeitos obrigados deberán analizar os riscos principais a que se enfrontan e que variarán en función do tipo de negocio, de produtos e de clientes cos cales establecen relacións de negocio. A partir desa análise, débese proceder a deseñar as políticas e os procedementos internos, de maneira tal que estes se adapten ao perfil de risco da entidade, moderando a intensidade das medidas de dilixencia debida aplicadas, segundo as características concretas do cliente e a operación.

Un enfoque orientado ao risco que non soamente incrementará a eficiencia das medidas que se aplicarán, senón que se presenta, igualmente, como un elemento de flexibilidade da norma, dirixida a un colectivo moi heteroxéneo de suxeitos. Desta maneira, establécense uns requirimentos básicos e comúns para todos os suxeitos

obrigados, e permíttese, así mesmo, unha marxe de adaptación da aplicación da norma á realidade específica da actividade que cada suxeito desenvolve.

Xunto con isto, procédese a un redimensionamento das obrigas de tipo procedementais exixidas a certos tipos de suxeitos obrigados. O obxectivo é limitar as obrigas procedementais para os suxeitos de tamaño máis reducido, incrementando a exixencia en función da dimensión e do volume de negocio do suxeito obrigado. Unha proposta que se xustifica tanto desde o punto de vista económico como de xestión do risco que, no caso de entidades de gran tamaño, require dun tratamento centralizado, especializado e automatizado.

É, así mesmo, especialmente relevante o desenvolvemento do artigo 43 da Lei 10/2010, do 28 de abril, polo que se prevé a creación dun ficheiro de titularidades financeiras, cuxo contido, funcionamento e posibilidades de acceso concreta este real decreto.

Por último, lévase a cabo unha revisión do esquema institucional dedicado á prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, cun reforzamento da Comisión mediante a ampliación das institucións participantes nela e a creación dun novo órgano dependente daquela, o Comité de Intelixencia Financeira.

Durante a tramitación deste regulamento solicitouse informe aos vogais membros da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, conforme o disposto no artigo 44.2.k) da Lei 10/2010, do 28 de abril.

Así mesmo, foi sometido a audiencia pública na cal participaron numerosos organismos e entidades afectados. Por último, solicitouse informe aos departamentos ministeriais afectados, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Consello Fiscal e á Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de abril de 2014,

#### DISPOÑO:

*Artigo único. Aprobación do Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.*

Apróbase o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, cuxo texto se inclúe a seguir.

*Disposición adicional primeira. Informes do Servizo Executivo da Comisión nos procedementos de creación de entidades financeiras e nos procedementos de avaliación cautelar das adquisicións e dos incrementos de participacións.*

Non será preceptivo informe do Servizo Executivo da Comisión nos procedementos de creación de entidades financeiras e nos procedementos de avaliación cautelar das adquisicións e dos incrementos de participacións:

- a) Cando a persoa ou entidade obxecto do procedemento non teña a condición de suxeito obrigado conforme o disposto no artigo 2 da Lei 10/2010, do 28 de abril.
- b) Nas variacións posteriores na cadea de sociedades intermedias a través da cal un titular instrumente unha participación significativa previamente autorizada.

*Disposición adicional segunda. Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto atenderanse coas dotacións orzamentarias ordinarias e non poderán supor incremento do gasto público.

Disposición adicional terceira. *Acceso á información por parte da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

A Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cumprimento das funcións que ten legalmente atribuídas, poderá requirir e obter a información que os suxeitos obrigados posúan ou xestionen como consecuencia das obrigas de dilixencia debida derivadas da Lei 10/2010, do 28 de abril, nos termos previstos no artigo 93 da Lei xeral tributaria.

Disposición transitoria primeira. *Entrada en funcionamento do Fichero de titularidades financeiras.*

A entrada en funcionamento do Fichero de titularidades financeiras, regulado na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo V do regulamento, producirase na data que se determine por orde do ministro de Economía e Competitividade e porase en coñecemento das entidades de crédito cunha anticipación mínima de seis meses. A entrada en funcionamento do fichero deberá producirse dentro do prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor do regulamento.

As entidades de crédito declarararán, con carácter previo, ao Servizo Executivo da Comisión, na forma establecida por este, a totalidade das contas correntes, contas de aforros, contas de valores e depósitos a prazo vixentes no momento de entrada en funcionamento do Fichero de titularidades financeiras.

Disposición transitoria segunda. *Comunicación sistemática.*

Ata que se proceda á designación por orde do ministro de Economía e Competitividade, os suxeitos obrigados aplicarán, no cumprimento do disposto no artigo 27.1.b) deste regulamento, a listaxe de países e territorios contida no artigo 1 do Real decreto 1080/1991, do 5 de xullo, polo que se determinan os países ou territorios a que se refiren os artigos 2, punto 3, número 4, da Lei 17/1991, do 27 de maio, de medidas fiscais urxentes, e 62 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, tendo en conta o establecido na disposición adicional primeira e na disposición transitoria segunda da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, complementado pola Orde ECO/2652/2002, do 24 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de comunicación de operacións en relación con determinados países ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias.

A comunicación sistemática establecida no artigo 27.1 e) e f) será exixible a partir da data que determine o Servizo Executivo da Comisión, quen determinará, así mesmo, a forma e o contido das ditas comunicacións.

Disposición transitoria terceira. *Obrigas de dilixencia debida en operacións ocasionais.*

Ata a entrada en vigor do limiar de identificación en operacións ocasionais, recollido no artigo 4.1 deste regulamento, seguiranse aplicando os limiares establecidos no Real decreto 925/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais.

Disposición transitoria cuarta. *Titularidade real.*

En relación cos clientes existentes na data de entrada en vigor do regulamento, a inclusión por parte dos suxeitos obrigados nos seus arquivos de clientes dos administradores como titulares reais das persoas xurídicas nos supostos establecidos no artigo 8.b) deste regulamento realizarase no prazo máximo de dous anos contados desde a entrada en vigor deste regulamento.

Disposición transitoria quinta. *Medidas de dilixencia simplificada.*

A aplicación das medidas simplificadas de dilixencia debida do artigo 17 en relación cos clientes e produtos vivos que, na data de entrada en vigor deste regulamento, se beneficiaban do réxime de dilixencia simplificada, realizarase conforme o criterio de risco establecido no regulamento e no prazo máximo de tres anos contados desde a entrada en vigor deste.

Non obstante este prazo, nos produtos a que se refire o artigo 16 a) a d), a comprobación da identidade realizarase, en todo caso, antes do pagamento da prestación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto quedará derogado o Real decreto 925/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais.

En canto non se opoñan ao disposto no regulamento, continuarán vixentes a Orde EHA/2963/2005, do 20 de setembro, reguladora do Órgano Centralizado de Prevención en materia de branqueo de capitais no Consello Xeral do Notariado; a Orde EHA/1439/2006, do 3 de maio, reguladora da declaración de movementos de medios de pagamento no ámbito da prevención do branqueo de capitais; a Orde EHA/2619/2006, do 28 de xullo, pola que se desenvolven determinadas obrigas de prevención do branqueo de capitais dos suxeitos obrigados que realicen actividade de cambio de moeda ou xestión de transferencias co exterior; a Orde EHA/2444/2007, do 31 de xullo, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, aprobado polo Real decreto 925/1995, do 9 de xuño, en relación co informe de experto externo sobre os procedementos e órganos de control interno e comunicación establecidos para previr o branqueo de capitais; e a Orde EHA/114/2008, do 29 de xaneiro, reguladora do cumprimento de determinadas obrigas dos notarios no ámbito da prevención do branqueo de capitais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.11ª e 13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado, respectivamente, as competencias para ditar as bases da ordenación do crédito e as bases e coordinación da planificación xeral de actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento e a aplicación do regulamento.*

Habílase o ministro de Economía e Competitividade para ditar as disposicións de desenvolvemento e aplicación a que se refiren os artigos 3.2, 27.1 g), 45.1 e disposición transitoria primeira, e cantas outras disposicións e actos de aplicación sexan necesarios para o desenvolvemento do establecido neste regulamento.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Exceptúase do anterior o limiar de identificación en operacións ocasionais do artigo 4.1, que entrará en vigor aos seis meses da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de maio de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Economía e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO

## REGULAMENTO DA LEI 10/2010, DO 28 DE ABRIL, DE PREVENCIÓN DO BRANQUEO DE CAPITAIS E DO FINANCIAMENTO DO TERRORISMO

### ÍNDICE

- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Artigo 1. Ámbito de aplicación.
- Artigo 2. Fraccionamento de operacións e contravalor en moeda estranxeira.
- Artigo 3. Actividades excluídas.
- Capítulo II. Da dilixencia debida.
- Sección 1.<sup>a</sup> Medidas normais de dilixencia debida.
- Artigo 4. Identificación formal.
- Artigo 5. Identificación formal no ámbito do seguro.
- Artigo 6. Documentos fidedignos para efectos de identificación formal.
- Artigo 7. Obrigas de identificación das entidades xestoras de institucións de investimento colectivo.
- Artigo 8. Titular real.
- Artigo 9. Identificación do titular real.
- Artigo 10. Propósito e índole da relación de negocios.
- Artigo 11. Seguimento continuo da relación de negocios.
- Artigo 12. Dilixencia debida e prohibición de revelación.
- Artigo 13. Aplicación por terceiros das medidas de dilixencia debida.
- Artigo 14. Acordos relativos á identificación das persoas con responsabilidade pública.
- Sección 2.<sup>a</sup> Medidas simplificadas de dilixencia debida.
- Artigo 15. Clientes susceptibles de aplicación de medidas simplificadas de dilixencia debida.
- Artigo 16. Produtos ou operacións susceptibles de aplicación de medidas simplificadas de dilixencia debida.
- Artigo 17. Medidas simplificadas de dilixencia debida.
- Artigo 18. Compravenda retallista.
- Sección 3.<sup>a</sup> Medidas reforzadas de dilixencia debida.
- Artigo 19. Supostos de aplicación de medidas reforzadas de dilixencia debida.
- Artigo 20. Medidas reforzadas de dilixencia debida.
- Artigo 21. Requisitos nas relacións de negocio e operacións non presenciais.
- Artigo 22. Países, territorios ou xurisdicións de risco.
- Capítulo III. Das obrigas de información.
- Sección 1.<sup>a</sup> Obrigas de comunicación.
- Artigo 23. Alertas.
- Artigo 24. Operacións susceptibles de estar relacionadas co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo.
- Artigo 25. Exame especial.
- Artigo 26. Comunicación por indicio.
- Artigo 27. Comunicación sistemática.

Sección 2.<sup>a</sup> Conservación de documentos.

Artigo 28. Conservación de documentos de dilixencia debida.

Artigo 29. Outras obrigas de conservación documental.

Artigo 30. Requirimentos das autoridades.

Capítulo IV. Das medidas de control interno.

Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións comúns.

Artigo 31. Procedementos de control interno.

Artigo 32. Análise de risco.

Artigo 33. Manual de prevención.

Artigo 34. Adecuación dos procedementos de control interno.

Artigo 35. Órganos de control interno.

Artigo 36. Medidas de control interno no nivel de grupo.

Artigo 37. Medidas de control interno de aplicación aos axentes.

Artigo 38. Exame externo.

Artigo 39. Formación.

Artigo 40. Altos estándares éticos na contratación de empregados, directivos e axentes.

Sección 2.<sup>a</sup> Disposicións especiais.

Artigo 41. Medidas de control interno de aplicación por parte do administrador nacional do Rexistro de dereitos de emisión previsto na Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Artigo 42. Fundacións e asociacións.

Artigo 43. Medidas de control interno de aplicación ao pagamento de premios en lotarías ou outros xogos de azar.

Artigo 44. Órganos centralizados de prevención de incorporación obrigatoria.

Capítulo V. Outras disposicións.

Sección 1.<sup>a</sup> Medios de pagamento.

Artigo 45. Intervención dos medios de pagamento.

Artigo 46. Envío postal.

Sección 2.<sup>a</sup> Sancións e contramedidas financeiras internacionais.

Artigo 47. Autorización de transferencias de fondos.

Artigo 48. Conxelación ou bloqueo de fondos ou recursos económicos.

Artigo 49. Liberación de fondos ou recursos económicos conxelados ou bloqueados.

Sección 3.<sup>a</sup> Ficheiro de titularidades financeiras.

Artigo 50. Natureza e finalidade do Ficheiro de titularidades financeiras.

Artigo 51. Declaración por parte das entidades de crédito.

Artigo 52. Consultas e accesos ao Ficheiro de titularidades financeiras.

Artigo 53. Protección de datos.

Artigo 54. Contido da función do Ministerio Fiscal.

Artigo 55. Verificación da regularidade das consultas e accesos por parte do Ministerio Fiscal.

Artigo 56. Iniciación de actuacións previas.

Artigo 57. Resultado das actuacións previas.

## Sección 4.<sup>a</sup> Sancións.

Artigo 58. Execución de sancións.

Artigo 59. Execución de sancións por incumprimento da obriga de declarar prevista no artigo 34 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

## Sección 5.<sup>a</sup> Protección de datos.

Artigo 60. Utilización de datos e nivel de seguridade nos tratamentos de datos de carácter persoal.

Artigo 61. Ficheiros comúns para o cumprimento das obrigas en materia de prevención.

## Capítulo VI. Da organización institucional.

Artigo 62. Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias.

Artigo 63. Pleno da Comisión.

Artigo 64. Comité Permanente da Comisión.

Artigo 65. Comité de Intelixencia Financeira.

Artigo 66. Secretaría da Comisión.

Artigo 67. Servizo Executivo da Comisión.

Artigo 68. Unidades policiais adscritas ao Servizo Executivo da Comisión.

Artigo 69. Unidade da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento regula, en desenvolvemento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, as obrigas dos suxeitos obrigados pola dita lei, relacionados no seu artigo 2, a organización institucional en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, as sancións e contramedidas financeiras internacionais, e establece a estrutura e o funcionamento do Ficheiro de titularidades financeiras.

#### Artigo 2. *Fraccionamento de operacións e contravalor en moeda estranxeira.*

1. Os limiares cuantitativos establecidos neste regulamento serán aplicables con independencia de que se alcancen nunha única operación ou en varias operacións ligadas entre si.

2. As referencias do regulamento a contías en euros comprenderán o seu contravalor en moeda estranxeira.

#### Artigo 3. *Actividades excluídas.*

1. Non estará suxeita á Lei 10/2010, do 28 de abril, conforme o previsto no seu artigo 2.3, a actividade de cambio de moeda estranxeira realizada con carácter accesorio á actividade principal do titular, cando concorran todas as circunstancias seguintes:

a) Que a actividade de cambio de moeda estranxeira se verifique, exclusivamente, como servizo proporcionado aos clientes da actividade principal.

b) Que a cantidade cambiada por cliente non exceda os 1.000 euros en cada trimestre natural.

c) Que a actividade de cambio de moeda estranxeira sexa limitada en termos absolutos, sen que poida exceder a cifra de 100.000 euros anuais.

d) Que a actividade de cambio de moeda estranxeira sexa accesoria á actividade principal, considerándose como tal aquela que non exceda o 5 por cento da facturación anual do negocio.

2. Quedarán, así mesmo, excluídos os actos notariais e rexistrados que carezan de contido económico ou patrimonial ou non sexan relevantes para efectos de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. Para tal efecto, mediante orde do ministro de Economía e Competitividade, logo do informe do Ministerio de Xustiza, establecerase a relación de tales actos.

## CAPÍTULO III

### Da dilixencia debida

#### *Sección 1.ª Medidas normais de dilixencia debida*

##### *Artigo 4. Identificación formal.*

1. Os suxeitos obrigados identificarán e comprobarán, mediante documentos fidedignos, a identidade de cantas persoas físicas ou xurídicas pretendan establecer relacións de negocio ou intervir en calquera operación ocasional cuxo importe sexa igual ou superior a 1.000 euros, con excepción do pagamento de premios de lotarías e outros xogos de azar, onde procederá a identificación e comprobación da identidade en relación con aqueles premios cuxo importe sexa igual ou superior a 2.500 euros, sen prexuízo do disposto na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e na súa normativa de desenvolvemento.

Nas operacións de envío de diñeiro e xestión de transferencias deberá procederse á identificación e comprobación da identidade en todo caso.

Non será preceptiva a comprobación da identidade na execución de operacións cando non concorran dúbidas respecto da identidade do interveniente, quede acreditada a súa participación na operación mediante a súa sinatura manuscrita ou electrónica e a dita comprobación se tivese practicado previamente no establecemento da relación de negocios.

2. A comprobación da identidade verificarase con carácter previo ao establecemento da relación de negocios ou da execución de operacións ocasionais, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

##### *Artigo 5. Identificación formal no ámbito do seguro.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 4.2, os suxeitos obrigados identificarán e comprobarán, mediante documentos fidedignos, a identidade do tomador do seguro con carácter previo á celebración do contrato.

2. Os suxeitos obrigados rexistrarán a identidade do beneficiario ou beneficiarios do seguro tan pronto como sexan designados polo tomador do seguro. No caso de beneficiarios designados de forma xenérica, por testamento ou por outros medios, os suxeitos obrigados obterán a información necesaria para establecer a identidade do beneficiario no momento do pagamento.

En todo caso, a comprobación mediante documentos fidedignos da identidade do beneficiario ou beneficiarios do seguro de vida deberá realizarse con carácter previo ao pagamento da prestación derivada do contrato ou ao exercicio polo tomador dos dereitos de rescate, anticipo ou peñoramento conferidos pola póliza.

A información obtida deberá ser rexistrada e conservada, de acordo co establecido no artigo 28.

3. Nos casos en que non resulte posible a aplicación do previsto no punto anterior, os suxeitos obrigados procederán a realizar o exame especial a que se refire o artigo 17 da Lei 10/2010, do 28 de abril.



Artigo 6. *Documentos fidedignos para efectos de identificación formal.*

1. Consideraranse documentos fidedignos, para efectos de identificación formal, os seguintes:

a) Para as persoas físicas de nacionalidade española, o documento nacional de identidade.

Para as persoas físicas de nacionalidade estranxeira, a tarxeta de residencia, a tarxeta de identidade de estranxeiro, o pasaporte ou, no caso de cidadáns da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, o documento, carta ou tarxeta oficial de identidade persoal expedido polas autoridades de orixe. Será, así mesmo, documento válido para a identificación de estranxeiros o documento de identidade expedido polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para o persoal das representacións diplomáticas e consulares de terceiros países en España.

Excepcionalmente, os suxeitos obrigados poderán aceptar outros documentos de identidade persoal expedidos por unha autoridade governamental sempre que gocen das adecuadas garantías de autenticidade e incorporen fotografía do titular.

b) Para as persoas xurídicas, os documentos públicos que acrediten a súa existencia e conteñan a súa denominación social, forma xurídica, domicilio, a identidade dos seus administradores, estatutos e número de identificación fiscal.

No caso de persoas xurídicas de nacionalidade española, será admisible, para efectos de identificación formal, certificación do Rexistro Mercantil provincial, presentada polo cliente ou obtida mediante consulta telemática.

2. Nos casos de representación legal ou voluntaria, a identidade do representante e da persoa ou entidade representada será comprobada documentalmente. Para estes efectos, deberá obterse copia do documento fidedigno a que se refire o punto precedente correspondente tanto ao representante como á persoa ou entidade representada, así como o documento público acreditativo dos poderes conferidos. Será admisible a comprobación mediante certificación do Rexistro Mercantil provincial, presentada polo cliente, ou obtida mediante consulta telemática.

3. Os suxeitos obrigados identificarán e comprobarán mediante documentos fidedignos a identidade de todos os partícipes das entidades sen personalidade xurídica. Non obstante, no suposto de entidades sen personalidade xurídica que non exerzan actividades económicas abondará, con carácter xeral, coa identificación e comprobación mediante documentos fidedignos da identidade da persoa que actúe por conta da entidade.

No suposto de fondos de investimento, a obriga de identificación e comprobación da identidade dos partícipes realizarase conforme o disposto no artigo 40.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Nos fideicomisos anglosaxóns («trusts») ou outros instrumentos xurídicos análogos que, malia careceren de personalidade xurídica, poidan actuar no tráfico económico, os suxeitos obrigados requirirán o documento constitutivo, sen prexuízo de proceder á identificación e comprobación da identidade da persoa que actúe por conta dos beneficiarios ou de acordo cos termos do fideicomiso, ou instrumento xurídico. Para estes efectos, os fideicomisarios comunicarán a súa condición aos suxeitos obrigados cando, como tales, pretendan establecer relacións de negocio ou intervir en calquera operación. Naqueles supostos en que un fideicomisario non declare a súa condición de tal e determine esta circunstancia o suxeito obrigado, porase fin á relación de negocios e procederase a realizar o exame especial a que se refire o artigo 17 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

4. Os documentos de identificación deberán estar en vigor no momento de establecer relacións de negocio ou executar operacións ocasionais. No suposto de persoas xurídicas, a vixencia dos datos consignados na documentación presentada deberá acreditarse mediante unha declaración responsable do cliente.

*Artigo 7. Obrigas de identificación das entidades xestoras de institucións de investimento colectivo.*

As entidades xestoras de institucións de investimento colectivo considerarán clientes as entidades comercializadoras de institucións de investimento colectivo sempre que estas teñan a consideración de suxeito obrigado conforme a Lei 10/2010, do 28 de abril, en relación coas contas globais a que se refire o artigo 40.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

*Artigo 8. Titular real.*

Terán a consideración de titulares reais:

a) A persoa ou persoas físicas por cuxa conta se pretenda establecer unha relación de negocios ou intervir en calquera operación.

b) A persoa ou persoas físicas que en último termo posúan ou controlen, directa ou indirectamente, unha porcentaxe superior ao 25 por cento do capital ou dos dereitos de voto dunha persoa xurídica, ou que a través de acordos ou disposicións estatutarias ou por outros medios exerzan o control, directo ou indirecto, da xestión dunha persoa xurídica.

O suxeito obrigado deberá documentar as accións que realizou co fin de determinar a persoa física que, en último termo, posúa ou controle, directa ou indirectamente, unha porcentaxe superior ao 25 por cento do capital ou dos dereitos de voto da persoa xurídica, ou que por outros medios exerza o control, directo ou indirecto, da persoa xurídica e, se é o caso, os resultados infrutuosos delas.

Cando non exista unha persoa física que posúa ou controle, directa ou indirectamente, unha porcentaxe superior ao 25 por cento do capital ou dos dereitos de voto da persoa xurídica, ou que por outros medios exerza o control, directo ou indirecto, da persoa xurídica, considerárase que exerce este control o administrador ou administradores. Cando o administrador designado sexa unha persoa xurídica, entenderase que o control o exerce a persoa física nomeada polo administrador persoa xurídica.

As presuncións a que se refire o parágrafo anterior aplicaranse salvo proba en contrario.

c) A persoa ou persoas físicas que sexan titulares ou exerzan o control do 25 por cento ou máis dos bens dun instrumento ou persoa xurídicos que administre ou distribúa fondos ou, cando os beneficiarios estean aínda por designar, a categoría de persoas en beneficio da cal se creou ou actúa principalmente a persoa ou o instrumento xurídicos. Cando non exista unha persoa física que posúa ou controle directa ou indirectamente o 25 por cento ou máis dos bens mencionados no punto anterior, terán consideración de titular real a persoa ou persoas físicas en última instancia responsables da dirección e xestión do instrumento ou persoa xurídicos, incluso a través dunha cadea de control ou propiedade.

Terán a consideración de titulares reais as persoas naturais que posúan ou controlen un 25 por cento ou máis dos dereitos de voto do padroado, no caso dunha fundación, ou do órgano de representación, no dunha asociación, tendo en conta os acordos ou previsións estatutarias que poidan afectar a determinación da titularidade real.

Cando non exista unha persoa ou persoas físicas que cumpran os criterios establecidos no parágrafo anterior, terán a consideración de titulares reais os membros do padroado e, no caso de asociacións, os membros do órgano de representación ou xunta directiva.

*Artigo 9. Identificación do titular real.*

1. Os suxeitos obrigados identificarán o titular real e adoptarán medidas adecuadas en función do risco co fin de comprobar a súa identidade con carácter previo ao establecemento de relacións de negocio, á execución de transferencias electrónicas por

importe superior a 1.000 euros ou á execución doutras operacións ocasionais por importe superior a 15.000 euros.

A identificación e comprobación da identidade do titular real poderase realizar, con carácter xeral, mediante unha declaración responsable do cliente ou da persoa que teña atribuída a representación da persoa xurídica. Para estes efectos, os administradores das sociedades ou outras persoas xurídicas deberán obter e manter información adecuada, precisa e actualizada sobre a titularidade real destas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, será preceptiva a obtención polo suxeito obrigado de documentación adicional ou de información de fontes fiables independentes cando o cliente, o titular real, a relación de negocios ou a operación presenten riscos superiores á media.

2. Procederá, en todo caso, a acreditación da titularidade real mediante a obtención de información documental ou de fontes fiables independentes nos seguintes supostos:

a) Cando existan indicios de que a identidade do titular real declarada polo cliente non é exacta ou veraz.

b) Cando concorran circunstancias que determinen o exame especial de conformidade co artigo 17 da Lei 10/2010, do 28 de abril, ou a comunicación por indicio de conformidade co artigo 18 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

3. Os suxeitos obrigados adoptarán medidas adecuadas para determinar a estrutura de propiedade ou de control das persoas e instrumentos xurídicos e non establecerán ou manterán relacións de negocio con persoas ou instrumentos xurídicos cuxa estrutura de propiedade ou de control non se puidese determinar.

Para estes efectos, os suxeitos obrigados requirirán dos seus clientes a información e documentación necesarias para determinar a estrutura de propiedade ou control. En caso de resistencia ou negativa do cliente a proporcionar a información ou documentación requirida, os suxeitos obrigados absteranse de establecer ou manter a relación de negocios ou de executar a operación.

4. Non será preceptiva a identificación dos accionistas ou titulares reais de empresas cotizadas ou das súas filiais participadas maioritariamente cando aquelas estean sometidas a obrigas de información que aseguren a adecuada transparencia da súa titularidade real.

5. En relación cos fideicomisos anglosaxóns («trusts»), os suxeitos obrigados identificarán e adoptarán medidas adecuadas co fin de comprobar a identidade do fideicomitente, dos fideicomisarios, do protector, dos beneficiarios ou clases de beneficiarios e de calquera outra persoa física que exerza o control efectivo final sobre o fideicomiso, mesmo a través dunha cadea de control ou propiedade. No caso de beneficiarios designados por características ou clases, deberase obter a información necesaria para establecer a identidade do beneficiario no momento do pagamento ou cando o beneficiario pretenda exercer os dereitos conferidos.

No suposto de instrumentos xurídicos análogos ao fideicomiso anglosaxón, os suxeitos obrigados identificarán e adoptarán medidas adecuadas co fin de comprobar a identidade das persoas que ocupen posicións equivalentes ou similares ás indicadas no parágrafo anterior.

6. Para o cumprimento da obriga de identificación e comprobación da identidade do titular real establecida neste artigo, os suxeitos obrigados poderán acceder á base de datos de titularidade real do Consello Xeral do Notariado logo de celebrar o correspondente acordo de formalización, nos termos previstos no artigo 8 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

#### Artigo 10. *Propósito e índole da relación de negocios.*

1. Os suxeitos obrigados solicitarán dos seus clientes información co fin de coñecer a natureza da súa actividade profesional ou empresarial. A actividade declarada polo cliente será rexistrada polo suxeito obrigado con carácter previo ao inicio da relación de negocios.

2. Os suxeitos obrigados comprobarán as actividades declaradas polos clientes nos seguintes supostos:

a) Cando o cliente ou a relación de negocios presenten riscos superiores á media, por disposición normativa ou porque así se desprenda da análise de risco do suxeito obrigado.

b) Cando do seguimento da relación de negocios resulte que as operacións activas ou pasivas do cliente non se corresponden coa súa actividade declarada ou cos seus antecedentes operativos.

3. As accións de comprobación da actividade profesional ou empresarial declarada graduaranse en función do risco e realízanse mediante documentación achegada polo cliente, ou mediante a obtención de información de fontes fiables independentes. Así mesmo, os suxeitos obrigados poderán comprobar a actividade profesional ou empresarial dos clientes mediante visitas presenciais ás oficinas, almacéns ou locais declarados polo cliente como lugares onde exerce a súa actividade mercantil, deixando constancia por escrito do resultado da dita visita.

4. Comprobarase en todo caso a actividade declarada cando concorran circunstancias que determinen o exame especial de conformidade co artigo 17 da Lei 10/2010, do 28 de abril, ou a comunicación por indicio de conformidade co artigo 18 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

#### Artigo 11. *Seguimento continuo da relación de negocios.*

1. Os suxeitos obrigados realizarán un escrutinio das operacións efectuadas ao longo da relación de negocio co fin de garantir que coincidan coa actividade profesional ou empresarial do cliente e cos seus antecedentes operativos. Os suxeitos obrigados incrementarán o seguimento cando aprecien riscos superiores á media por disposición normativa ou porque así se desprenda da análise de risco do suxeito obrigado.

O escrutinio terá carácter integral e deberá incorporar todos os produtos do cliente co suxeito obrigado e, se for o caso, con outras sociedades do grupo.

2. Os suxeitos obrigados realizarán periodicamente procesos de revisión con obxecto de asegurar que os documentos, datos e informacións obtidos como consecuencia da aplicación das medidas de debida dilixencia se manteñan actualizados e se encontren vixentes.

O manual a que se refire o artigo 33 determinará, en función do risco, a periodicidade dos procesos de revisión documental que para os clientes de risco superior á media será, como mínimo, anual.

#### Artigo 12. *Dilixencia debida e prohibición de revelación.*

Con independencia de calquera excepción, exención ou limiar, se durante o establecemento ou no curso dunha relación de negocios ou da execución de operacións xorden indicios ou certeza de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo, os suxeitos obrigados procederán a identificar e verificar a identidade do cliente e do titular real con carácter previo ao cumprimento do disposto nos artigos 17 e 18 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

Non obstante, nestes casos os suxeitos obrigados deberán ter en conta o risco de revelación, polo que poderán omitir a práctica das medidas de dilixencia debida, previstas no parágrafo precedente, cando consideren razoablemente que revelarían ao cliente ou potencial cliente o exame ou comunicación da operación.

#### Artigo 13. *Aplicación por terceiros das medidas de dilixencia debida.*

1. Para a aplicación das medidas de dilixencia debida, os suxeitos obrigados poderán recorrer a terceiros sometidos a obrigas de prevención do branqueo de capitais e

do financiamento do terrorismo, nos termos establecidos no artigo 8 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

2. As respectivas obrigas das partes incluíranse nun acordo escrito de formalización da aplicación por parte de terceiros das medidas de dilixencia debida. Conforme o citado acordo, o suxeito obrigado exixirá, en todo caso, ao terceiro:

- a) Que lle remita inmediatamente a información sobre o cliente.
- b) Que lle remita inmediatamente, cando así o solicite o suxeito obrigado, copia dos documentos que acrediten a información subministrada sobre o dito cliente.

Os acordos de formalización poderán abranguer a totalidade das medidas de dilixencia debida, con excepción do seguimento continuo da relación de negocios, afectando todos os datos que o terceiro manteña sobre o cliente, mediante a adopción de acordos xerais; ou soamente un ou varios elementos concretos das medidas de dilixencia debida, mediante a adopción de acordos particulares.

3. En todo caso, o suxeito obrigado deberá comprobar que o terceiro se encontra sometido ás obrigas en materia de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo e é obxecto de supervisión nestas materias, e adoptar, así mesmo, medidas razoables co fin de determinar que conta con procedementos adecuados para o cumprimento das medidas de dilixencia debida e conservación de documentos.

4. Os suxeitos obrigados poderán aceptar medidas de dilixencia debida practicadas polas súas filiais ou sucursais domiciliadas en terceiros países sempre que o grupo estableza e aplique medidas comúns de dilixencia debida e de rexistro de operacións e teña aprobados uns controis internos en materia de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo cuxa supervisión estea atribuída a un órgano de control interno con facultades no nivel de grupo.

*Artigo 14. Acordos relativos ao acceso á información de identificación das persoas con responsabilidade pública.*

Para a determinación da condición de persoa con responsabilidade pública, familiar ou achegado daquel, os suxeitos obrigados poderán acceder aos ficheiros creados ao abeiro do establecido no artigo 15.1 da Lei 10 /2010, do 28 de abril, por outros suxeitos obrigados, polos órganos centralizados de prevención a que se refire o artigo 44 deste regulamento ou por terceiros. Nestes supostos, os acordos que formalicen o dito acceso incluírán as respectivas obrigas das partes co fin de cumprir coas limitacións e requisitos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular no referido á seguridade na transmisión dos datos e aos procedementos que se adoptarán para garantir a actualización continua dos datos contidos nos ficheiros.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Medidas simplificadas de dilixencia debida*

*Artigo 15. Clientes susceptibles de aplicación de medidas simplificadas de dilixencia debida.*

Os suxeitos obrigados poderán aplicar, en función do risco, medidas simplificadas de dilixencia debida respecto dos seguintes clientes:

- a) As entidades de dereito público dos Estados membros da Unión Europea ou de países terceiros equivalentes.
- b) As sociedades ou outras persoas xurídicas controladas ou participadas maioritariamente por entidades de dereito público dos Estados membros da Unión Europea ou de países terceiros equivalentes.
- c) As entidades financeiras, exceptuadas as entidades de pagamento, domiciliadas na Unión Europea ou en países terceiros equivalentes que sexan obxecto de supervisión

para garantir o cumprimento das obrigas de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

d) As sucursais ou filiais de entidades financeiras, exceptuadas as entidades de pagamento, domiciliadas na Unión Europea ou en países terceiros equivalentes, cando estean sometidas pola matriz a procedementos de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

e) As sociedades cotizadas cuxos valores se admitan a negociación nun mercado regulado da Unión Europea ou de países terceiros equivalentes, así como as súas sucursais e filiais participadas maioritariamente.

*Artigo 16. Produtos ou operacións susceptibles de aplicación de medidas simplificadas de dilixencia debida.*

Os suxeitos obrigados poderán aplicar, en función do risco, medidas simplificadas de dilixencia debida respecto dos seguintes produtos ou operacións:

a) As pólizas de seguro de vida cuxa prima anual non exceda os 1.000 euros ou cuxa prima única non exceda os 2.500 euros.

b) Os instrumentos de previsión social complementaria enumerados no artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e de modificación parcial dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, cando a liquidez se encontre limitada aos supostos recollidos na normativa de plans e fondos de pensións e non poidan servir de garantía para un préstamo.

c) Os seguros colectivos que instrumenten compromisos por pensións a que se refire a disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, cando cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que instrumenten compromisos por pensións que teñan a súa orixe nun convenio colectivo ou nun expediente de regulación de emprego, entendido como a extinción das relacións laborais en virtude dun despedimento colectivo do artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal.

2.º Que non admitan o pagamento de primas por parte do traballador asegurado que, sumadas ás aboadas polo empresario tomador do seguro, supoñan un importe superior aos límites establecidos polo artigo 52.1.b) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, para os instrumentos de previsión social complementaria enumerados no seu artigo 51.

3.º Que non poidan servir de garantía para un préstamo e non recollan outros supostos de rescate distintos aos excepcionais de liquidez recollidos na normativa de plans de pensións ou aos recollidos no artigo 29 do Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios.

d) As pólizas do ramo de vida que garantan exclusivamente o risco de falecemento, incluídas as que establezan, ademais, garantías complementarias de indemnización pecuniaria por invalidez permanente ou parcial, total ou absoluta, ou incapacidade temporal, enfermidade grave e dependencia.

e) O diñeiro electrónico cando non se poida recargar e o importe almacenado non exceda os 250 euros ou cando, en caso de que se poida recargar, o importe total dispoñible nun ano natural estea limitado a 2.500 euros, salvo cando o titular do diñeiro electrónico solicite o reembolso dunha cantidade igual ou superior a 1.000 euros no curso dese mesmo ano natural. Exclúese o diñeiro electrónico emitido contra entrega dos medios de pagamento a que se refire o artigo 34.2.a) da Lei 10/2010, do 28 de abril.

f) Os xiros postais das administracións públicas ou dos seus organismos dependentes e os xiros postais oficiais para pagamentos do servizo postal con orixe e destino no propio servizo de Correos.

g) Os cobramentos ou pagamentos derivados de comisións xeradas por reservas no sector turístico que non superen os 1.000 euros.

h) Os contratos de crédito ao consumo por importe inferior a 2.500 euros sempre que o reembolso se realice exclusivamente mediante cargo nunha conta corrente aberta a nome do debedor nunha entidade de crédito domiciliada na Unión Europea ou en países terceiros equivalentes.

i) Os préstamos sindicados en que o banco axente sexa unha entidade de crédito domiciliada na Unión Europea ou en países terceiros equivalentes, respecto das entidades participantes que non teñan a condición de banco axente.

j) Os contratos de tarxeta de crédito cuxo límite non supere os 5.000 euros, cando o reembolso do importe disposto unicamente se poida realizar desde unha conta aberta a nome do cliente nunha entidade de crédito domiciliada na Unión Europea ou país terceiro equivalente.

#### Artigo 17. *Medidas simplificadas de dilixencia debida.*

1. Nos supostos previstos nos artigos precedentes, os suxeitos obrigados poderán aplicar, en función do risco e en substitución das medidas normais de dilixencia debida, unha ou varias das seguintes medidas:

a) Comprobar a identidade do cliente ou do titular real unicamente cando se supere un limiar cuantitativo con posterioridade ao establecemento da relación de negocios.

b) Reducir a periodicidade do proceso de revisión documental.

c) Reducir o seguimento da relación de negocios e o escrutinio das operacións que non superen un limiar cuantitativo.

d) Non solicitar información sobre a actividade profesional ou empresarial do cliente, inferindo o propósito e a natureza polo tipo de operacións ou relación de negocios establecida.

2. As medidas simplificadas de dilixencia debida deberán ser congruentes co risco. Non se poderán aplicar medidas simplificadas de dilixencia debida ou, se é o caso, cesará a súa aplicación cando concorran ou xurdan indicios ou certeza de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo ou riscos superiores á media.

#### Artigo 18. *Compravenda retallista.*

1. Nas operacións de compravenda retallista os suxeitos obrigados a que se refiren as alíneas q) e r) do artigo 2.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, procederán á identificación formal do cliente na forma establecida nos artigos 4 e 6 deste regulamento e conservarán a documentación nos termos establecidos nos artigos 28 e 29. Alternativamente, os datos identificativos dos clientes e das operacións faranse constar nun libro-rexistro, en soporte físico ou electrónico, que estará á disposición da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias (en diante a Comisión), dos seus órganos de apoio ou de calquera outra autoridade pública legalmente habilitada. Para estes efectos, reputarase válido o libro-rexistro a que se refire o artigo 91 do Real decreto 197/1988, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 17/1985, do 1 de xullo, de obxectos fabricados con metais preciosos.

A aplicación do establecido neste punto polos suxeitos obrigados a que se refiren as alíneas q) e r) do artigo 2.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, permitirá entender cumpridas as obrigas de dilixencia debida respecto das operacións de compravenda retallista.

2. Para os efectos deste artigo, considerarase compravenda retallista a realizada con clientes que non interveñan na súa condición de profesionais, en establecementos abertos ao público.

*Sección 3.ª Medidas reforzadas de dilixencia debida**Artigo 19. Supostos de aplicación de medidas reforzadas de dilixencia debida.*

1. Os suxeitos obrigados aplicarán, ademais das medidas normais de dilixencia debida, medidas reforzadas de dilixencia debida nas áreas de negocio, actividades, produtos, servizos, canles de distribución ou comercialización, relacións de negocio e operacións que presenten un risco máis elevado de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo.

2. En todo caso, os suxeitos obrigados aplicarán medidas reforzadas de dilixencia debida nos seguintes supostos:

- a) Servizos de banca privada.
- b) Operacións de envío de diñeiro cuxo importe, quer singular, quer acumulado por trimestre natural, supere os 3.000 euros.
- c) Operacións de cambio de moeda estranxeira cuxo importe, quer singular, quer acumulado por trimestre natural, supere os 6.000 euros.
- d) Relacións de negocios e operacións con sociedades con accións ao portador, que estean permitidas conforme o disposto no artigo 4.4 da Lei 10/2010, do 28 de abril.
- e) Relacións de negocio e operacións con clientes de países, territorios ou xurisdicións de risco, ou que supoñan transferencia de fondos de ou cara a tales países, territorios ou xurisdicións, incluíndo en todo caso aqueles países para os cales o Grupo de Acción Financeira (GAFI) exixa a aplicación de medidas de dilixencia reforzada.
- f) Transmisión de accións ou participacións de sociedades preconstituídas. Para estes efectos, entenderase por sociedades preconstituídas aquelas constituídas sen actividade económica real para a súa posterior transmisión a terceiros.

3. Sen prexuízo do disposto neste artigo, os suxeitos obrigados determinarán, nos procedementos de control interno a que se refire o artigo 31, outras situacións que, conforme a súa análise de risco, requiran a aplicación de medidas reforzadas de dilixencia debida.

Para a determinación deses supostos de risco superior, os suxeitos obrigados terán en consideración, entre outros, os seguintes factores:

- a) Características do cliente:
  - 1.º Clientes non residentes en España.
  - 2.º Sociedades cuxa estrutura accionarial e de control non sexa transparente ou resulte inusual ou excesivamente complexa.
  - 3.º Sociedades de simple tenza de activos.
- b) Características da operación, relación de negocios ou canle de distribución:
  - 1.º Relacións de negocio e operacións en circunstancias inusuais.
  - 2.º Relacións de negocio e operacións con clientes que empreguen habitualmente medios de pagamento ao portador.
  - 3.º Relacións de negocio e operacións executadas a través de intermediarios.

*Artigo 20. Medidas reforzadas de dilixencia debida.*

1. Nos supostos de risco superior á media previstos no artigo precedente ou que fosen determinados polo suxeito obrigado conforme a súa análise de risco, os suxeitos obrigados comprobarán en todo caso as actividades declaradas polos seus clientes e a identidade do titular real, nos termos previstos nos artigos 9.1 e 10.2.



Aplicaranse adicionalmente, en función do risco, unha ou varias das seguintes medidas:

- a) Actualizar os datos obtidos no proceso de aceptación do cliente.
- b) Obter documentación ou información adicional sobre o propósito e a índole da relación de negocios.
- c) Obter documentación ou información adicional sobre a orixe dos fondos.
- d) Obter documentación ou información adicional sobre a orixe do patrimonio do cliente.
- e) Obter documentación ou información sobre o propósito das operacións.
- f) Obter autorización directiva para establecer ou manter a relación de negocios ou executar a operación.
- g) Realizar un seguimento reforzado da relación de negocio, incrementando o número e a frecuencia dos controis aplicados e seleccionando patróns de operacións para exame.
- h) Examinar e documentar a congruencia da relación de negocios ou das operacións coa documentación e información dispoñible sobre o cliente.
- i) Examinar e documentar a lóxica económica das operacións.
- j) Exixir que os pagamentos ou ingresos se realicen nunha conta a nome do cliente, aberta nunha entidade de crédito domiciliada na Unión Europea ou en países terceiros equivalentes.
- k) Limitar a natureza ou contía das operacións ou os medios de pagamento empregados.

2. Os suxeitos obrigados incluírán o beneficiario da póliza de seguro de vida como un factor de risco relevante para efectos de determinar a procedencia de aplicar medidas reforzadas de dilixencia debida. Nos casos en que o beneficiario presente un risco superior á media, as medidas reforzadas de dilixencia debida incluírán medidas adecuadas para identificar e comprobar a identidade do titular real do beneficiario con carácter previo ao pagamento da prestación derivada do contrato ou ao exercicio por parte do tomador dos dereitos de rescate, anticipo ou peñoramento conferidos pola póliza.

#### Artigo 21. *Requisitos nas relacións de negocio e operacións non presenciais.*

1. Os suxeitos obrigados poderán establecer relacións de negocio ou executar operacións a través de medios telefónicos, electrónicos ou telemáticos con clientes que non se encontren fisicamente presentes, sempre que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) A identidade do cliente quede acreditada de conformidade co disposto na normativa aplicable sobre sinatura electrónica.
- b) A identidade do cliente quede acreditada mediante copia do documento de identidade, dos establecidos no artigo 6, que corresponda, sempre que esta copia estea expedida por un fedatario público.
- c) O primeiro ingreso proceda dunha conta a nome do mesmo cliente aberta nunha entidade domiciliada en España, na Unión Europea ou en países terceiros equivalentes.
- d) A identidade do cliente quede acreditada mediante o emprego doutros procedementos seguros de identificación de clientes en operacións non presenciais, sempre que tales procedementos fosen previamente autorizados polo Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias (en diante, Servizo Executivo da Comisión).

En todo caso, no prazo dun mes desde o establecemento da relación de negocios non presencial os suxeitos obrigados deberán obter destes clientes unha copia dos documentos necesarios para practicar a dilixencia debida.

2. Os criterios para a acreditación da identidade do cliente en relación cos suxeitos obrigados sometidos á Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e á súa

normativa de desenvolvemento, serán determinados no proceso de concesión de licenzas xerais pola Dirección Xeral de Ordenación do Xogo, logo do informe favorable do Servizo Executivo da Comisión.

Artigo 22. *Países, territorios ou xurisdicións de risco.*

1. Os suxeitos obrigados considerarán como países, territorios ou xurisdicións de risco os seguintes:

- a) Países, territorios ou xurisdicións que non contén con sistemas adecuados de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.
- b) Países, territorios ou xurisdicións suxeitos a sancións, embargos ou medidas análogas aprobadas pola Unión Europea, polas Nacións Unidas ou por outras organizacións internacionais.
- c) Países, territorios ou xurisdicións que presenten niveis significativos de corrupción ou outras actividades criminais.
- d) Países, territorios ou xurisdicións en que se facilite financiamento ou apoio a actividades terroristas.
- e) Países, territorios ou xurisdicións que presenten un sector financeiro extraterritorial significativo (centros «off-shore»).
- f) Países, territorios ou xurisdicións que teñan a consideración de paraísos fiscais.

2. Na determinación dos países, territorios ou xurisdicións de risco, os suxeitos obrigados recorrerán a fontes cribles, tales como os informes de avaliación mutua do Grupo de Acción Financeira (GAFI) ou dos seus equivalentes rexionais, ou os informes doutros organismos internacionais.

A Comisión publicará orientacións para asistir os suxeitos obrigados na determinación do risco xeográfico.

### CAPÍTULO III

#### Das obrigas de información

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Obrigas de comunicación*

Artigo 23. *Alertas.*

Os procedementos de control interno a que se refire o artigo 31 determinarán, en función do risco, alertas adecuadas por tipoloxía, intervinientes e contía das operacións. As alertas xeradas serán revisadas para efectos de determinar se procede o exame especial da operación, de conformidade co establecido no artigo 25.

No caso de suxeitos obrigados cuxo número anual de operacións exceda as 10.000, será preceptiva a implantación de modelos automatizados de xeración e priorización de alertas.

As alertas establecidas nos procedementos de control interno serán obxecto de revisión periódica con obxecto de garantir a súa permanente adecuación ás características e ao nivel de risco da operativa do suxeito obrigado.

Artigo 24. *Operacións susceptibles de estar relacionadas co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo.*

1. O disposto no artigo precedente entenderase sen prexuízo da detección de operacións de risco por parte dos directivos, empregados e axentes. Para estes efectos os suxeitos obrigados, como parte dos procedementos de control interno a que se refire o artigo 31:

- a) Difundirán internamente unha relación de operacións susceptibles de estar relacionadas co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo.

b) Establecerán unha canle de comunicación cos órganos de control interno, con instrucións precisas aos directivos, empregados e axentes sobre como proceder en caso de detectar calquera feito ou operación que puiden estar relacionado co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo.

c) Aprobarán un formulario orientativo do contido mínimo que deberá incluír a comunicación interna de operacións.

d) Garantirán a confidencialidade das comunicacións de operacións de risco realizadas polos empregados, directivos ou axentes.

e) Proporcionarán formación adecuada, de conformidade co previsto no artigo 39.

2. Na relación de operacións susceptibles de estar relacionadas co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo incluíranse, en todo caso, entre outros, os seguintes supostos:

a) Cando a natureza ou o volume das operacións activas ou pasivas dos clientes non se corresponda coa súa actividade ou antecedentes operativos.

b) Cando unha mesma conta, sen causa que o xustifique, veña sendo aboada mediante ingresos en efectivo por un número elevado de persoas ou reciba múltiples ingresos en efectivo da mesma persoa.

c) Pluralidade de transferencias realizadas por varios ordenantes a un mesmo beneficiario no exterior ou por un único ordenante no exterior a varios beneficiarios en España, sen que se aprecie relación de negocio entre os intervinientes.

d) Movements con orixe ou destino en territorios ou países de risco.

e) Transferencias en que non se conteña a identidade do ordenante ou o número da conta orixe da transferencia.

f) Operativa con axentes que, pola súa natureza, volume, contía, zona xeográfica ou outras características das operacións, difiran significativamente das usuais ou ordinarias do sector ou das propias do suxeito obrigado.

g) Os tipos de operacións que estableza a Comisión. Estas operacións serán obxecto de publicación ou comunicación aos suxeitos obrigados, directamente ou por medio das súas asociacións profesionais.

Incluíranse así mesmo as operacións que, coas características anteriormente sinaladas, se intentasen e non se executasen.

#### Artigo 25. *Exame especial.*

1. O proceso de exame especial realizarase de modo estruturado, documentándose as fases de análise, as xestións realizadas e as fontes de información consultadas. En todo caso, o proceso de exame especial terá natureza integral; deberanse analizar toda a operativa relacionada, todos os intervinientes na operación e toda a información relevante que consta no suxeito obrigado e, se é o caso, no grupo empresarial.

2. Concluída a análise técnica, o representante ante o Servizo Executivo da Comisión adoptará, motivadamente e sen demora, a decisión sobre se procede ou non a comunicación ao Servizo Executivo da Comisión, en función da concorrencia na operativa de indicios ou certeza de relación co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo.

Malia o disposto no parágrafo anterior, o procedemento de control interno do suxeito obrigado poderá prever que a decisión sexa sometida, previamente, á consideración do órgano de control interno. Nestes casos, o órgano de control interno adoptará a decisión por maioría e deberá constar expresamente na acta o sentido e a motivación do voto de cada un dos membros.

As decisións sobre comunicación deberán responder, en todo caso, a criterios homoxéneos, e farase constar a motivación no expediente de exame especial.

Naqueles supostos en que a detección da operación derive da comunicación interna dun empregado, axente ou directivo da entidade, a decisión final adoptada sobre se procede ou non a comunicación por indicio da operación porase en coñecemento do comunicante.

3. Os suxeitos obrigados manterán un rexistro en que, por orde cronolóxica, se recollerán para cada expediente de exame especial realizado, entre outros datos, as súas datas de apertura e peche, o motivo que xerou a súa realización, unha descrición da operativa analizada, a conclusión alcanzada tras o exame e as razóns en que se basea. Así mesmo, farase constar a decisión sobre a súa comunicación ou non ao Servizo Executivo da Comisión e a súa data, así como a data en que, se é o caso, se realizou a comunicación.

4. Os suxeitos obrigados conservarán os expedientes de exame especial durante o prazo de dez anos.

#### Artigo 26. *Comunicación por indicio.*

1. Concluído o exame especial establecido no artigo precedente, e téndose determinado a concorrencia na operativa de indicios ou certeza de relación co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo, efectuarase sen dilación a comunicación por indicio no soporte e formato establecido polo Servizo Executivo da Comisión.

2. Sen prexuízo de efectuar a comunicación por indicio ao Servizo Executivo da Comisión, o suxeito obrigado adoptará inmediatamente medidas adicionais de xestión e mitigación do risco, que deberán tomar en consideración o risco de revelación.

3. En virtude do disposto no artigo 18.2 f) da Lei 10/2010, do 28 de abril, nas comunicacións por indicio incluírase información sobre a decisión adoptada ou que previsiblemente adoptará o suxeito obrigado respecto á continuación ou interrupción da relación de negocios co cliente ou clientes que participen na operación, así como a xustificación desta decisión. En caso de que a non interrupción da relación de negocios veña determinada pola necesidade de non interferir nunha entrega vixiada acordada conforme o disposto no artigo 263 bis da Lei de axuízamento criminal, farase constar este feito de forma expresa.

4. Cando os suxeitos obrigados eximidos da obriga de nomeamento de representante ante o Servizo Executivo da Comisión realicen unha comunicación por indicio, incluírán preceptivamente na dita comunicación os datos identificativos do suxeito obrigado, así como os datos identificativos e de contacto da persoa que o represente.

#### Artigo 27. *Comunicación sistemática.*

1. En todo caso, os suxeitos obrigados comunicarán mensualmente ao Servizo Executivo da Comisión:

a) As operacións que comporten movemento físico de moeda metálica, papel moeda, cheques de viaxe, cheques ou outros documentos ao portador librados por entidades de crédito, con excepción das que sexan obxecto de aboamento ou cargo na conta dun cliente, por importe superior a 30.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

b) Os suxeitos obrigados que realicen envíos de diñeiro nos termos establecidos no artigo 2 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, comunicarán ao Servizo Executivo da Comisión as operacións que comporten movemento físico de moeda metálica, papel moeda, cheques de viaxe, cheques ou outros documentos ao portador, por importe superior a 1.500 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

c) As operacións realizadas por ou con persoas físicas ou xurídicas que sexan residentes, ou actúen por conta destas, en territorios ou países que para o efecto se designen por orde do ministro de Economía e Competitividade, así como as operacións que impliquen transferencias de fondos a ou desde estes territorios ou países, calquera

que sexa a residencia das persoas intervinientes, sempre que o importe das referidas operacións sexa superior a 30.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

d) As operacións que supoñan movementos de medios de pagamento suxeitos a declaración obrigatoria de conformidade co artigo 34 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

e) A información agregada sobre a actividade de envíos de diñeiro, definida no artigo 2 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, desagregada por países de orixe ou destino e por axente ou centro de actividade.

f) A información agregada sobre a actividade de transferencias con ou ao exterior das entidades de crédito, desagregada por países de orixe ou destino.

g) As operacións que se determinen mediante orde do ministro de Economía e Competitividade.

Os suxeitos obrigados non incluírán na comunicación sistemática mensual as operacións correspondentes á súa actividade propia de investimento ou captación de recursos financeiros en mercados internacionais ou actividade de igual natureza daqueles clientes que teñan a condición de entidade financeira autorizada para operar na Unión Europea ou en terceiros países equivalentes.

En caso de non existiren operacións susceptibles de comunicación sistemática, os suxeitos obrigados comunicarán semestralmente esta circunstancia ao Servizo Executivo da Comisión.

2. O Servizo Executivo da Comisión establecerá os criterios para determinar cando, para efectos da obriga de comunicación sistemática, varias operacións deberán agregarse por se consideraren fraccionamentos dunha mesma operación.

3. Quedan exceptuados da obriga de comunicación sistemática os corredores de seguros a que se refire o artigo 2.1 b) da Lei 10/2010, do 28 de abril, as empresas de asesoramento financeiro e os suxeitos obrigados mencionados nas alíneas k) a y), ambas incluídas, do artigo 2.1 da mesma lei.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Conservación de documentos*

#### *Artigo 28. Conservación de documentos de dilixencia debida.*

1. Os suxeitos obrigados conservarán toda a documentación obtida ou xerada en aplicación das medidas de dilixencia debida, con inclusión, en particular, das copias dos documentos fidedignos de identificación, as declaracións do cliente, a documentación e información presentada polo cliente ou obtida de fontes fiables independentes, a documentación contractual e os resultados de calquera análise efectuada, durante un período de dez anos desde a terminación da relación de negocio ou a execución da operación ocasional.

2. Os suxeitos obrigados almacenarán as copias dos documentos fidedignos de identificación formal en soportes ópticos, magnéticos ou electrónicos.

Así mesmo, poderanse almacenar en soportes ópticos, magnéticos ou electrónicos as copias dos documentos acreditativos da realización de operacións de ingreso, retirada ou traspaso de fondos desde unha conta nunha entidade de crédito e os que acrediten a orde ou recepción de transferencias de fondos realizadas en entidades de pagamento ou operacións de cambio de moeda.

Exceptúanse os suxeitos obrigados que, con inclusión dos axentes, ocupen a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supere os 2 millóns de euros, que poderán optar por manter copias físicas dos documentos de identificación. Esta excepción non será aplicable aos suxeitos obrigados integrados nun grupo empresarial que exceda esas cifras.

#### *Artigo 29. Outras obrigas de conservación documental.*

1. Os suxeitos obrigados conservarán os documentos e manterán rexistros adecuados de todas as relacións de negocio e operacións, nacionais e internacionais,

durante un período de dez anos desde a terminación da relación de negocio ou a execución da operación ocasional. Os rexistros deberán permitir a reconstrución de operacións individuais para que poidan producir, se for necesario, efecto probatorio.

2. Os suxeitos obrigados conservarán durante un período de dez anos os documentos en que se formalice o cumprimento das súas obrigas de comunicación e de control interno.

#### Artigo 30. *Requirimentos das autoridades.*

A documentación e información obtida ou xerada polos suxeitos obrigados poderá ser requirida pola Comisión, polos seus órganos de apoio ou por calquera outra autoridade pública ou axente da policía xudicial dos corpos e forzas de seguridade do Estado legalmente habilitado.

### CAPÍTULO IV

#### Das medidas de control interno

##### Sección 1.<sup>a</sup> *Disposicións comúns*

#### Artigo 31. *Procedementos de control interno.*

1. Os suxeitos obrigados aprobarán por escrito e aplicarán políticas e procedementos adecuados de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

Os corredores de comercio e os suxeitos obrigados comprendidos no artigo 2.1 i) a u), ambas incluídas, que, con inclusión dos axentes, ocupen a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supere os 2 millóns de euros, quedan exceptuados das obrigas referidas neste artigo e nos artigos 32, 33, 35, 38 e 39. Estas excepcións non serán aplicables aos suxeitos obrigados integrados nun grupo empresarial que supere esas cifras.

2. As políticas e os procedementos de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo serán aprobados polo órgano de administración do suxeito obrigado que, nos supostos do artigo 2.1 n) da Lei 10/2010, do 28 de abril, serán as organizacións colexiais. No suposto de suxeitos obrigados cuxo volume de negocios anual supere os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual supere os 43 millóns de euros, os procedementos a través dos cales se implementen as políticas de prevención do branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo poderán ser aprobados polo órgano de control interno a que se refire o artigo 35.2.

3. Os limiares fixados para a determinación das medidas de control interno aplicables conforme esta sección e as exixencias en materia de conservación de documentos a que fai referencia o artigo 28 serán interpretados de conformidade cos criterios establecidos na Recomendación 2003/361 da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

#### Artigo 32. *Análise de risco.*

1. Os procedementos de control interno fundamentaranse nunha análise previa de risco que será documentada polo suxeito obrigado.

A análise identificará e avaliará os riscos do suxeito obrigado por tipos de clientes, países ou áreas xeográficas, produtos, servizos, operacións e canles de distribución, tomando en consideración variables tales como o propósito da relación de negocios, o nivel de activos do cliente, o volume das operacións e a regularidade ou duración da relación de negocios.

2. A análise de risco será revisada periodicamente e, en todo caso, cando se verifique un cambio significativo que poida influír no perfil de risco do suxeito obrigado. Así mesmo, será preceptiva a realización e documentación dunha análise de risco

específica con carácter previo ao lanzamento dun novo produto, a prestación dun novo servizo, o emprego dunha nova canle de distribución ou o uso dunha nova tecnoloxía por parte do suxeito obrigado, e deberanse aplicar medidas adecuadas para xestionar e mitigar os riscos identificados na análise.

Artigo 33. *Manual de prevención.*

1. Os procedementos de control interno que establezan os suxeitos obrigados serán documentados nun manual de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo que comprenderá, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) A política de admisión de clientes do suxeito obrigado, cunha descrición precisa dos clientes que potencialmente poidan supor un risco superior á media por disposición normativa ou porque así se desprenda da análise de risco e das medidas que se adoptarán para mitigalo, incluída, se for o caso, a negativa a establecer relacións de negocio ou a executar operacións ou a terminación da relación de negocios.

b) Un procedemento estruturado de dilixencia debida que incluíra a periódica actualización da documentación e información exixibles. A actualización será, en todo caso, preceptiva cando se verifique un cambio relevante na actividade do cliente que poida influír no seu perfil de risco.

c) Un procedemento estruturado de aplicación das medidas de dilixencia debida aos clientes existentes en función do risco, que terá en conta, se é o caso, as medidas aplicadas previamente e a adecuación dos datos obtidos.

d) Unha relación de feitos ou operacións que, pola súa natureza, poidan estar relacionados co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo, da cal se establecerá a periódica revisión periódica e a difusión entre os directivos, empregados e axentes do suxeito obrigado.

e) Unha descrición detallada dos fluxos internos de información, con instrucións precisas aos directivos, empregados e axentes do suxeito obrigado sobre como proceder en relación cos feitos ou operacións que, pola súa natureza, poidan estar relacionados co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo.

f) Un procedemento para a detección de feitos ou operacións suxeitos a exame especial, con descrición das ferramentas ou aplicacións informáticas implantadas e das alertas establecidas.

g) Un procedemento estruturado de exame especial que concretará de forma precisa as fases do proceso de análise e as fontes de información que se empregarán, formalizando por escrito o resultado do exame e as decisións adoptadas.

h) Unha descrición detallada do funcionamento dos órganos de control interno, que incluíra a súa composición, competencias e periodicidade das súas reunións.

i) As medidas para asegurar o coñecemento dos procedementos de control interno por parte dos directivos, empregados e axentes do suxeito obrigado, incluída a súa periódica difusión e a realización de accións formativas de conformidade cun plan anual.

j) As medidas que se adoptarán para verificar o cumprimento dos procedementos de control interno por parte dos directivos, empregados e axentes do suxeito obrigado.

k) Os requisitos e criterios de contratación de axentes, que deberán obedecer ao disposto no artigo 37.2.

l) As medidas que se adoptarán para asegurarse de que os correspondentes do suxeito obrigado aplican procedementos adecuados de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

m) Un procedemento de verificación periódica da adecuación e eficacia das medidas de control interno. Nos suxeitos obrigados que dispoñan de departamento de auditoría interna, corresponderá a este a dita función de verificación.

n) A periódica actualización das medidas de control interno, á luz dos desenvolvementos observados no sector e da análise do perfil de negocio e operativa do suxeito obrigado.

ñ) Un procedemento de conservación de documentos que garanta a súa adecuada xestión e inmediata dispoñibilidade.

2. Os suxeitos obrigados deberán proceder á verificación e á actualización periódicas do manual nos termos das alíneas m) e n) do punto precedente. O Servizo Executivo da Comisión poderá supervisar ou inspeccionar a efectiva aplicación das medidas de control interno previstas no manual, de conformidade co previsto no artigo 47 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

#### Artigo 34. *Adecuación dos procedementos de control interno.*

Os procedementos de control interno deberán permitir ao suxeito obrigado:

- a) Centralizar, xestionar, controlar e almacenar de modo eficaz a documentación e información dos clientes e das operacións que se realicen.
- b) Verificar a efectiva aplicación dos controis previstos e reforzalos en caso necesario.
- c) Adoptar e aplicar medidas reforzadas para xestionar e mitigar os riscos máis elevados.
- d) Agregar as operacións realizadas co fin de detectar potenciais fraccionamentos e operacións conectadas.
- e) Determinar, con carácter previo, se proceden o coñecemento e a verificación da actividade profesional ou empresarial do cliente.
- f) Detectar cambios no comportamento operativo dos clientes ou inconsistencias co seu perfil de risco.
- g) Impedir a execución de operacións cando non consten completos os datos obrigatorios do cliente ou da operación.
- h) Impedir a execución de operacións por parte de persoas ou entidades suxeitas á prohibición de operar.
- i) Seleccionar, para a súa análise, operacións en función de alertas predeterminadas e adecuadas á súa actividade.
- j) Manter unha comunicación directa do órgano de control interno coa rede comercial.
- k) Atender de forma rápida, segura e eficaz os requirimentos de documentación e información da Comisión, dos seus órganos de apoio ou de calquera outra autoridade pública legalmente habilitada.
- l) Cubrir a comunicación sistemática de operacións ao Servizo Executivo da Comisión ou, se é o caso, a comunicación semestral negativa.

#### Artigo 35. *Órganos de control interno.*

1. Os suxeitos obrigados designarán un representante ante o Servizo Executivo da Comisión, que será responsable do cumprimento das obrigas de información establecidas na Lei 10/2010, do 28 de abril. O representante poderá designar, así mesmo, ata dúas persoas autorizadas que actuarán baixo a dirección e a responsabilidade do representante ante o Servizo Executivo da Comisión.

A proposta de nomeamento do representante e, de ser o caso, dos autorizados, xunto cunha descrición detallada da súa traxectoria profesional, será comunicada ao Servizo Executivo da Comisión que, de forma razoada, poderá formular reparos ou observacións. Así mesmo, comunicaráselle ao Servizo Executivo da Comisión o cesamento ou substitución do representante ou persoas autorizadas cando teña carácter disciplinario.

2. Os suxeitos obrigados establecerán un órgano de control interno responsable da aplicación dos procedementos de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

A constitución dun órgano de control interno non será preceptiva nos suxeitos obrigados comprendidos no artigo 2.1 i) e seguintes e nos corredores de comercio cando, con inclusión dos axentes, ocupen a menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios



anual ou cuxo balance xeral anual non supere os 10 millóns de euros; en tales casos desempeñará as súas funcións o representante ante o Servizo Executivo da Comisión. Esta excepción non será aplicable aos suxeitos obrigados integrados nun grupo empresarial que supere esas cifras.

3. Os suxeitos obrigados, cuxo volume de negocios anual exceda os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual exceda os 43 millóns de euros, contarán cunha unidade técnica para o tratamento e a análise da información.

A unidade técnica deberá contar con persoal especializado, en dedicación exclusiva e con formación adecuada en materia de análise.

#### Artigo 36. *Medidas de control interno no nivel de grupo.*

1. Os suxeitos obrigados que conformen un grupo empresarial que integre filiais ou sucursais maioritariamente participadas domiciliadas en terceiros países aprobarán políticas de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo aplicables a todo o grupo, orientadas ao cumprimento do establecido no artigo 31.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

Nestas políticas incluíranse, en todo caso, os procedementos para a transmisión de información entre os membros do grupo, establecendo as cautelas adecuadas en relación co uso da información transmitida. Cando o intercambio de información se faga con países que non ofrezan un nivel de protección adecuado de conformidade co disposto na normativa de protección de datos, será precisa a autorización da transferencia internacional de datos por parte da Axencia Española de Protección de Datos, nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Os procedementos de control interno estableceranse no nivel de grupo e serán aplicables a todas as sucursais e filiais domiciliadas en España con participación maioritaria do suxeito obrigado.

Os procedementos de control interno no nivel de grupo deberán ter en conta os diferentes sectores de actividade, modelos de negocio e perfís de risco e preverán os intercambios de información necesarios para unha xestión integrada do risco. En particular, os órganos de control interno do grupo deberán ter acceso, sen ningunha restrición, a calquera información que conste nas filiais ou sucursais que sexa precisa para o desempeño das súas funcións de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

3. Para efectos do regulamento, resulta de aplicación a definición de grupo recollida no artigo 42 do Código de comercio.

Para a aplicación ao grupo empresarial dos limiares previstos nas excepcións dos artigos 31 e seguintes teranse en consideración unicamente aquelas filiais ou sucursais do grupo que teñan a consideración de suxeitos obrigados conforme o artigo 2.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

#### Artigo 37. *Medidas de control interno de aplicación aos axentes.*

1. Os suxeitos obrigados, sen prexuízo da súa responsabilidade directa, aseguraranse do efectivo cumprimento por parte dos seus axentes das obrigas de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

Para estes efectos, os suxeitos obrigados incluírán os axentes no ámbito de aplicación dos seus procedementos de control interno. Estes procedementos preverán, en particular, mecanismos específicos de seguimento e control das actividades dos axentes que se adaptarán ao nivel de risco existente en función das características concretas da relación de axencia.

Naqueles supostos en que o suxeito obrigado determine que un axente incumpriu grave ou sistematicamente os procedementos de control interno, deberá pór fin ao contrato de axencia e proceder a examinar a operativa do axente de conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

2. Os procedementos de control interno establecerán mecanismos específicos que garantan a aplicación de altos estándares éticos na contratación de axentes.

A operativa dos novos axentes será obxecto de seguimento reforzado por parte do suxeito obrigado.

3. Os suxeitos obrigados manterán á disposición da Comisión, dos seus órganos de apoio ou de calquera outra autoridade pública legalmente habilitada unha relación completa e actualizada dos seus axentes, que incluírá todos os datos necesarios para a súa adecuada identificación e localización.

4. O disposto no presente artigo será igualmente aplicable ás persoas ou entidades non residentes que desenvolvan en España, a través de axentes, actividades suxeitas a obrigas de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

#### Artigo 38. *Exame externo.*

1. Os informes de experto externo describirán e valorarán as medidas de control interno dos suxeitos obrigados a unha data de referencia, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

Os informes deberanse emitir, en todo caso, dentro dos dous meses seguintes á data de referencia.

2. Os órganos de administración do suxeito obrigado adoptarán sen dilación as medidas necesarias para resolver as deficiencias identificadas nos informes de experto externo.

No caso de deficiencias que non sexan susceptibles de resolución inmediata, os órganos de administración do suxeito obrigado adoptarán, expresamente, un plan de remedio, que establecerá un calendario preciso para a implantación das medidas correctoras. O dito calendario non poderá exceder, con carácter xeral, un ano natural.

3. O exame externo incluírá todas as sucursais e filiais con participación maioritaria do suxeito obrigado. En relación coas sucursais e filiais situadas en países terceiros, o experto verificará especificamente o efectivo cumprimento do disposto no artigo 31 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

4. No caso dos órganos centralizados de prevención a que se refire o artigo 27 da Lei 10/2010, do 28 de abril, o experto externo describirá e valorará o seu funcionamento e a adecuación dos seus medios humanos, materiais e técnicos.

Así mesmo, o experto externo comprobará, mediante mostraxe estatística, a efectiva implantación das medidas de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo por parte dos profesionais incorporados ao órgano centralizado de prevención.

#### Artigo 39. *Formación.*

1. Os suxeitos obrigados aprobarán un plan anual de formación en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

2. O plan de formación fundamentarase nos riscos identificados, de conformidade co artigo 32, e preverá accións formativas específicas para os directivos, empregados e axentes do suxeito obrigado. Tales accións formativas, que deberán ser apropiadamente acreditadas, serán congruentes co grao de responsabilidade dos receptores e co nivel de risco das actividades que desenvolvan.

3. Anualmente, os suxeitos obrigados documentarán o grao de cumprimento do plan de formación.

O exame externo a que se refire o artigo 38 valorará a adecuación das accións formativas realizadas polo suxeito obrigado.

4. Os suxeitos obrigados para os cales non resulte preceptiva a aprobación dun plan anual de formación deberán acreditar que o representante ante o Servizo Executivo da Comisión recibiu formación externa adecuada para o exercicio das súas funcións.

Artigo 40. *Altos estándares éticos na contratación de empregados, directivos e axentes.*

1. Os procedementos dos suxeitos obrigados deberán garantir altos estándares éticos na contratación de directivos, empregados ou axentes conforme o disposto no artigo 30.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril. Para estes efectos, aplicaranse a estes colectivos os criterios de idoneidade fixados pola normativa sectorial que lles resulte de aplicación.

2. En defecto de normativa específica, para a determinación da concorrencia de altos estándares éticos en directivos, empregados ou axentes do suxeito obrigado, tomarase en consideración a súa traxectoria profesional, valorándose a observancia e o respecto ás leis mercantís ou a outras que regulen a actividade económica e a vida dos negocios, así como ás boas prácticas do sector de actividade de que se trate.

3. Non se considerará que concorren altos estándares éticos cando o empregado, directivo ou axente:

a) Conte con antecedentes penais non cancelados nin susceptibles de cancelación por delitos dolosos contra o patrimonio, e contra a orde socioeconómica, contra a Facenda Pública e Seguridade Social, delitos contra a Administración pública e falsidades.

b) Fose sancionado mediante resolución administrativa firme coa suspensión ou separación do cargo por infracción da Lei 10/2010, do 28 de abril. Esta circunstancia apreciarase durante o tempo que se prolongue a sanción.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Disposicións especiais*

Artigo 41. *Medidas de control interno de aplicación polo administrador nacional do Rexistro de dereitos de emisión previsto na Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

1. O administrador nacional do Rexistro de dereitos de emisión previsto na Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, designará un representante ante o Servizo Executivo da Comisión, que será responsable do cumprimento das obrigas de comunicación establecidas na Lei 10/2010, do 28 de abril.

O representante ante o Servizo Executivo da Comisión deberá recibir formación externa adecuada para o exercicio das súas funcións.

2. O administrador nacional do Rexistro de dereitos de emisión previsto na Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, aprobará un manual de procedementos onde se incluírá:

a) A política de admisión de clientes, desenvolvida de conformidade coas restricións fixadas no Regulamento (UE) n.º 389/2013 da Comisión, do 2 de maio de 2013, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Rexistro da Unión de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e coas decisións n.º 280/2004/CE e n.º 406/2009/CE do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se derrogan os regulamentos (UE) n.º 920/2010 e n.º 1193/2011 da Comisión.

b) Unha relación de feitos ou operacións que, pola súa natureza, poidan estar relacionados co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo, da cal se establecerá a revisión periódica.

c) Un procedemento para a detección de feitos ou operacións suxeitos a exame especial, con descrición das ferramentas ou aplicacións informáticas implantadas e das alertas establecidas.

d) Un procedemento estruturado de exame especial que concretará de forma precisa as fases do proceso de análise e as fontes de información que se empregarán, formalizando por escrito o resultado do exame e as decisións adoptadas.

Artigo 42. *Fundacións e asociacións.*

1. As fundacións e asociacións identificarán e comprobarán a identidade de todas as persoas que reciban a título gratuito fondos ou recursos. Cando a natureza do proxecto ou actividade faga inviable a identificación individualizada ou cando a actividade realizada comporte un escaso risco de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo, procederase á identificación do colectivo de beneficiarios e das contrapartes ou colaboradores no dito proxecto ou actividade.

2. As fundacións e asociacións identificarán e comprobarán a identidade de todas as persoas que acheguen a título gratuito fondos ou recursos por importe igual ou superior a 100 euros.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 39 da Lei 10/2010, do 28 de abril, e das obrigas que lles resulten aplicables de acordo coa súa normativa específica, as fundacións e asociacións aplicarán as seguintes medidas:

a) Implementar procedementos para garantir a idoneidade dos membros dos órganos de goberno e doutros postos de responsabilidade da entidade.

b) Aplicar procedementos para asegurar o coñecemento das súas contrapartes, incluíndo a súa adecuada traxectoria profesional e a honorabilidade das persoas responsables da súa xestión.

c) Aplicar sistemas adecuados, en función do risco, de control da efectiva execución das súas actividades e da aplicación dos fondos conforme o previsto.

d) Conservar, durante un prazo de dez anos, os documentos ou rexistros que acrediten a aplicación dos fondos nos diferentes proxectos.

e) Informar o Servizo Executivo da Comisión dos feitos que poidan constituír indicio ou proba de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo.

f) Colaborar coa Comisión e cos seus órganos de apoio de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

4. As administracións públicas ou os seus organismos dependentes que outorguen subvencións a asociacións e fundacións, así como os protectorados e os organismos encargados da verificación da constitución de asociacións mencionados no artigo 39 da Lei 10/2010, do 28 de abril, comunicarán ao Servizo Executivo da Comisión aquelas situacións que detecten no exercicio das súas competencias e que poidan estar relacionadas co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo. Estes organismos informarán razoadamente a Secretaría da Comisión cando detecten incumprimentos das obrigas establecidas no artigo 39 da Lei 10/2010, do 28 de abril, ou do disposto neste artigo.

Artigo 43. *Medidas de control interno de aplicación ao pagamento de premios en lotarías ou outros xogos de azar.*

1. Os suxeitos obrigados que xestionen, exploten ou comercialicen lotarías ou outros xogos de azar establecerán procedementos adecuados de control interno en relación coas operacións de pagamento de premios, que en todo caso preverán:

a) Un manual de procedementos onde se incluírá, como mínimo:

1.º A identificación dos gañadores de premios por importe igual ou superior a 2.500 euros, sen prexuízo do que, para efectos de identificación de xogadores, dispón a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e a súa normativa de desenvolvemento e normativas equivalentes das comunidades autónomas.

2.º Unha relación de operacións de risco, prestando particular atención ao cobramento repetitivo de premios.

3.º Un procedemento para a detección de feitos ou operacións suxeitos a exame especial, con descrición das ferramentas ou aplicacións informáticas implantadas e das alertas establecidas.

4.º Un procedemento estruturado de exame especial que concretará de forma precisa as fases do proceso de análise e as fontes de información que se empregarán, formalizando por escrito o resultado do exame e as decisións adoptadas.

- b) O nomeamento dun representante ante o Servizo Executivo da Comisión.
- c) Un plan anual de accións formativas dos empregados.

2. As medidas de control interno establecidas serán obxecto de exame externo nos termos do artigo 38.

#### Artigo 44. *Órganos centralizados de prevención de incorporación obrigatoria.*

1. Os suxeitos obrigados a que se refire o artigo 2.1.n) da Lei 10/2010 incorporaranse aos órganos centralizados de prevención establecidos polas súas organizacións colexiais de ámbito nacional.

2. Os órganos centralizados de prevención a que se refire este artigo exercerán as seguintes funcións:

a) Examinar, por conta dos funcionarios incorporados, as operacións que presenten as circunstancias previstas no artigo 17 da Lei 10/2010, do 28 de abril. O exame poderase realizar por petición do funcionario incorporado ou como consecuencia da análise de índices ou bases de datos por parte do órgano centralizado de prevención. En todo caso, os funcionarios colexiados deberán pór en coñecemento do órgano centralizado de prevención, tan pronto como teñan coñecemento del, calquera feito ou operación, con independencia da súa contía, que, pola súa natureza, poida estar relacionado co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo.

b) Comunicar, en nome e por conta dos funcionarios incorporados, as operacións a que se refire o artigo 18 da Lei 10/2010, do 28 de abril. A comunicación será efectuada directamente polo representante do órgano centralizado ante o Servizo Executivo da Comisión, informando o funcionario interveniente. Excepcionalmente, o órgano centralizado de prevención poderase abster de informar o funcionario interveniente cando así sexa solicitado polo Servizo Executivo da Comisión ou cando considere que isto poida pór en risco a investigación.

c) Obter información sobre a titularidade real derivada dos actos en que interveñan funcionarios incorporados.

d) Aprobar os procedementos para a efectiva aplicación das prohibicións de operar, medidas de bloqueo ou outras restricións ou sancións financeiras establecidas por normas de dereito comunitario ou nacional.

e) Atender os requirimentos de documentación e información da Comisión, dos seus órganos de apoio, ou de calquera outra autoridade pública ou axentes da policía xudicial dos corpos e forzas de seguridade do Estado legalmente habilitados.

f) Efectuar análises de risco da actividade desenvolvida polos funcionarios colexiados, en función dos tipos de intervenientes, áreas xeográficas e operacións, e actualizalas periodicamente.

g) Informar os funcionarios incorporados sobre tipoloxías e operacións de risco.

h) Aprobar as medidas de control interno que deben aplicar os funcionarios incorporados, que deberán ser ratificadas polo máximo órgano decisorio da súa respectiva organización colexial de ámbito nacional.

i) Supervisar o cumprimento dos procedementos de control interno, por parte dos funcionarios colexiados. Para estes efectos, o máximo órgano decisorio da súa respectiva organización colexial de ámbito nacional aprobará as directrices, a frecuencia e o contido das inspeccións ou accións específicas de comprobación que o órgano centralizado levará a cabo de forma coordinada co resto das accións de supervisión e control ordinarias desenvolvidas conforme as súas normas reguladoras. En todo caso, os resultados específicos da supervisión serán trasladados ao Servizo Executivo da Comisión.

j) Desenvolver accións formativas dos funcionarios incorporados e do seu persoal. Estas accións serán obxecto dun plan anual, de conformidade co establecido no artigo 39.

k) Aprobar medidas de corrección da información gravada polos funcionarios colexiados nas bases de datos, desde as cales se traslada a información aos órganos de apoio da Comisión por parte do órgano centralizado de prevención, que serán ratificadas pola organización colexial de ámbito nacional.

3. Os órganos centralizados poderán requirir dos funcionarios incorporados calquera información ou documentación necesaria para o desenvolvemento das súas funcións.

No exercicio das súas funcións de exame e comunicación, os órganos centralizados de prevención actuarán con plena autonomía técnica, polo que non poderán solicitar ou recibir instrucións, xerais ou específicas, dos órganos da organización colexial a que se encontren adscritos.

4. As organizacións colexiais velarán por que os órganos centralizados de prevención contén cos medios humanos, materiais e técnicos necesarios para o adecuado desempeño das súas funcións.

O Servizo Executivo da Comisión, sen prexuízo das súas potestades directas de supervisión e inspección dos funcionarios colexiados, poderá comprobar a adecuación das medidas de control interno dos órganos centralizados de prevención, así como a idoneidade dos medios atribuídos a estes.

5. Contra as decisións dos órganos centralizados de prevención relativas aos procedementos de control interno, os funcionarios colexiados poderán acudir en vía de petición ante o presidente da Comisión, cuxas resolucións porán fin á vía administrativa.

6. Sen prexuízo do disposto no artigo 32.4 da Lei 10/2010, os órganos centralizados de prevención a que se refire este artigo terán a condición de responsables dos tratamentos que leven a cabo por propia iniciativa ou por requirimento da Comisión ou dos seus órganos de apoio, ou de calquera outra autoridade pública legalmente habilitada, coa finalidade de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

Igualmente serán responsables dos tratamentos efectuados no marco das súas funcións de análise de risco e de supervisión establecidos na normativa de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, así como dos que deriven directamente do acceso e tratamento da información dos datos contidos nos ficheiros dos cales os propios órganos sexan responsables, tanto no marco das obrigas de dilixencia debida como no das de exame especial e información establecidas na normativa de prevención do branqueo de capitais.

Nos supostos a que se refire o punto anterior, non será de aplicación á actividade dos órganos centralizados de prevención o disposto no artigo 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

## CAPÍTULO V

### Outras disposicións

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Medios de pagamento*

#### *Artigo 45. Intervención dos medios de pagamento.*

1. A omisión da declaración, cando esta sexa preceptiva de acordo co artigo 34 da Lei 10/2010, do 28 de abril, ou a falta de veracidade dos datos declarados, sempre que se poida considerar como especialmente relevante, determinará a intervención por parte dos funcionarios alfandegueiros ou policiais actuantes da totalidade dos medios de pagamento achados, salvo o mínimo de supervivencia que se poida determinar mediante orde do ministro de Economía e Competitividade.

Igualmente procederá a intervención cando concorran dúbidas racionais sobre a veracidade dos datos consignados na declaración.

Os medios de pagamento intervidos ingresarán na mesma moeda ou divisa intervida nas contas abertas no Banco de España a nome da Comisión.

A acta de intervención, da cal se dará traslado inmediato ao Servizo Executivo da Comisión para a súa investigación e á Secretaría da Comisión para a incoación, de ser o caso, do correspondente procedemento sancionador, deberá indicar expresamente se os medios de pagamento intervidos foron atopados en lugar ou situación que mostrase intención de ocultalos. A acta de intervención terá valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos seus dereitos ou intereses poidan proporcionar os interesados.

2. Así mesmo, procederá a intervención cando, malia se ter declarado o movemento ou non se exceder o limiar de declaración, existan indicios ou certeza de que os medios de pagamento están relacionados co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo. Os medios de pagamento intervidos ingresaranse nas contas de depósito e consignacións xudiciais correspondentes.

Da acta de intervención darase traslado inmediato ao Servizo Executivo da Comisión e aos órganos xudiciais competentes para a súa investigación.

Cando, no curso dun procedemento xudicial, se aprecie incumprimento da obriga de declaración establecida no artigo 34 da Lei 10/2010, do 28 de abril, o xulgado ou tribunal comunicarllo á Secretaría da Comisión e porá ao seu dispor os medios de pagamento intervidos non suxeitos a responsabilidades penais, procedéndose segundo o previsto no punto precedente.

3. Nos casos en que non resulte procedente a intervención dos medios de pagamento, os funcionarios alfandegueiros ou policiais actuantes realizarán dilixencias informativas cando consideren que a información poida ter relevancia tributaria ou policial. Estas dilixencias serán, así mesmo, remitidas ao Servizo Executivo da Comisión.

#### Artigo 46. *Envío postal.*

Non serán válidas as declaracións de medios de pagamento efectuadas cando correspondan a envíos prohibidos na normativa postal.

Sen prexuízo das prohibicións establecidas, procederá a intervención dos medios de pagamento achados en envíos postais nos supostos e termos establecidos no artigo 45.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Sancións e contramedidas financeiras internacionais*

#### Artigo 47. *Autorización de transferencias de fondos.*

1. Sen prexuízo do que en cada caso estableza o acordo do Consello de Ministros de adopción de contramedidas financeiras aprobadas en exercicio da potestade atribuída polo artigo 42.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, ou o regulamento da Unión Europea de aplicación, nos supostos de fluxos financeiros sometidos a autorización, a solicitude será realizada pola entidade financeira que emita ou reciba a transferencia de fondos que cómpre autorizar. Na solicitude de autorización incluírase, en todo caso, a información relativa ao ordenante, ao beneficiario, ás entidades financeiras que participan na transacción e ao concepto desta.

2. A competencia para autorizar as transferencias de fondos sometidas a contramedidas corresponderá á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a través da Subdirección Xeral de Inspección e Control de Movementos de Capitais.

3. Denegarase a autorización cando existan medidas de conxelación de fondos acordadas contra algunha das persoas ou entidades intervinientes na transferencia ou cando o obxecto desta contraveña as prohibicións establecidas no acordo do Consello de Ministros ou regulamento da Unión Europea de aplicación.

4. Contra as resolucións da Subdirección Xeral de Inspección e Control de Movementos de Capitais poderase interpor recurso de alzada ante o secretario xeral do Tesouro e Política Financeira, cuxas resolucións porán fin á vía administrativa.

5. O procedemento de autorización deberase resolver e notificar no prazo de seis meses desde a solicitude, e tramitarse de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 48. *Conxelación ou bloqueo de fondos ou recursos económicos.*

1. Conxelaranse ou bloquearanse todos os fondos e recursos económicos cuxa propiedade, control ou tenza corresponda a persoas, entidades ou organismos respecto dos cales un regulamento da Unión Europea ou un acordo do Consello de Ministros estableza esta medida restritiva.

2. A Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira será a autoridade competente en España en relación coa execución das medidas de conxelación ou bloqueo de fondos e recursos económicos nos termos previstos neste regulamento.

3. Unha vez que estea en vigor o regulamento da Unión Europea ou que sexa eficaz o acordo de Consello de Ministros polo que se estableza a medida de conxelación ou bloqueo de fondos ou recursos económicos contra unha persoa, organismo ou entidade, esta medida de conxelación levaraa a cabo de forma inmediata calquera persoa física ou xurídica. A conxelación ou o bloqueo realizado será inmediatamente comunicado, por escrito, á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, e na comunicación incluíranse todos os datos relativos ao titular, á contía e á natureza dos fondos ou recursos económicos que se conxelasen ou bloqueasen e as demais circunstancias concorrentes.

Artigo 49. *Liberación de fondos ou recursos económicos conxelados ou bloqueados.*

1. A Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, a través da Subdirección Xeral de Inspección e Control de Movementos de Capitais, poderá autorizar a liberación de determinados fondos ou recursos económicos, conxelados ou bloqueados, cando se verifiquen as condicións establecidas no regulamento da Unión Europea ou no acordo do Consello de Ministros que resulte de aplicación.

2. A solicitude de desconxelación ou desbloqueo de fondos ou recursos económicos será realizada, por instancia do titular dos fondos ou recursos económicos conxelados ou bloqueados, pola entidade depositaria daqueles, quen a remitirá por escrito á autoridade competente.

3. No escrito de solicitude farase constar a normativa que se considera aplicable e exporanse as circunstancias que xustifican a solicitude. Así mesmo, a solicitude irá acompañada de copia auténtica de cantos documentos resulten relevantes para a súa resolución.

4. O procedemento de liberación de fondos ou recursos económicos conxelados ou bloqueados tramitarase de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e deberase notificar a resolución no prazo máximo de seis meses desde a solicitude.

5. Contra as resolucións da Subdirección Xeral de Inspección e Control de Movementos de Capitais poderase interpor recurso de alzada ante o secretario xeral do Tesouro e Política Financeira, cuxas resolucións porán fin á vía administrativa.

*Sección 3.<sup>a</sup> Ficheiro de titularidades financeiras*

Artigo 50. *Natureza e finalidade do Ficheiro de titularidades financeiras.*

1. O Ficheiro de titularidades financeiras é un ficheiro de carácter administrativo creado coa finalidade de previr e impedir o branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo.

2. A Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa será responsable do Ficheiro de titularidades financeiras e o Servizo Executivo da Comisión actuará como encargado do tratamento por conta daquela.

Artigo 51. *Declaración por parte das entidades de crédito.*

1. As entidades de crédito, a través do seu representante ante o Servizo Executivo da Comisión, declararán ao dito servizo a apertura ou cancelación de calquera conta corrente, conta de aforro, conta de valores ou depósito a prazo, con independencia da



súa denominación comercial. As declaracións non incluírán as contas e os depósitos das sucursais ou filiais das entidades de crédito españolas no estranxeiro.

A declaración conterá, en todo caso, os datos identificativos dos titulares, titulares reais, se é o caso, representantes ou autorizados, así como de calquera outra persoa con poderes de disposición, a data de apertura ou cancelación, e o tipo de conta ou depósito. Consideraranse datos identificativos o nome e os apelidos ou a denominación social e o tipo e número de documento identificativo. Mediante instrución do secretario de Estado de Economía e Apoio á Empresa, logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos, poderanse determinar outros datos de identificación que deban ser, así mesmo, declarados co fin da adecuada identificación de intervenientes, contas e depósitos.

2. A declaración realizarase mensualmente, baixo o soporte e o formato que determine o Servizo Executivo da Comisión, e incluírá a información correspondente ás aperturas, cancelacións e modificacións de contas e depósitos e as variacións nos datos de intervenientes, rexistrados no mes natural inmediatamente anterior. O envío da declaración deberase realizar dentro dos sete primeiros días hábiles do mes natural seguinte.

3. As entidades de crédito declarantes serán responsables da calidade, integridade e veracidade dos datos declarados, aplicando en orixe os procedementos de validación necesarios.

En caso de advertir omisións ou erros, o Servizo Executivo da Comisión, sen prexuízo da responsabilidade exixible, requirirá as entidades de crédito declarantes para que procedan, no prazo máximo de dez días hábiles, á remisión dos datos preceptivos omitidos ou á depuración dos datos erróneos declarados. Así mesmo, as entidades declarantes que detecten erros na información enviada deberán rectificar os datos erróneos polo procedemento que determine o Servizo Executivo da Comisión.

4. A declaración entenderase sen prexuízo do cumprimento por parte das entidades de crédito das restantes obrigas de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo e, en particular, da comunicación por indicio prevista no artigo 18 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

#### Artigo 52. *Consultas e accesos ao Ficheiro de titularidades financeiras.*

1. O Servizo Executivo da Comisión, como encargado do tratamento, establecerá os procedementos técnicos de consulta do Ficheiro de titularidades financeiras. Os accesos e as consultas realizadas, e os resultados obtidos efectuaranse por medios telemáticos.

As solicitudes de datos do Ficheiro de titularidades financeiras efectuaranse necesariamente a través dos puntos únicos de acceso designados para tal efecto no Consello Xeral do Poder Xudicial, no Ministerio Fiscal, nas forzas e corpos de seguridade do Estado, no Centro Nacional de Intelixencia e na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Cada organismo, a través do seu punto único de acceso, comprobará a identidade da autoridade ou funcionario solicitante, verificará a súa habilitación legal para realizar a petición de acceso e velará pola pertinencia das solicitudes, que deberán estar adecuadamente motivadas e quedarán baixo a responsabilidade da autoridade ou funcionario solicitante.

En cada punto único de acceso manterase un rexistro pormenorizado das peticións realizadas, no cal figurará en todo caso a autoridade ou funcionario solicitante e a xustificación da petición, se é o caso, a identidade da autoridade xudicial ou fiscal que acordou ou autorizou a obtención de datos, así como o procedemento en que recaeu a correspondente resolución.

As solicitudes de datos do Ficheiro de titularidades financeiras deberán identificar a persoa, persoas ou número de conta respecto das cales require información; non resultarán admisibles buscas abertas, xenéricas ou por aproximación. Mediante instrución do secretario de Estado de Economía e Apoio á Empresa, logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos, determinaranse os requisitos mínimos de información que deberán cumprir as solicitudes.

2. Sen prexuízo das informacións que, por petición das autoridades habilitadas a través dos seus puntos únicos de acceso, emita respecto dos datos que figuran no Ficheiro de titularidades financeiras, o Servizo Executivo da Comisión poderá, así mesmo, consultar os datos do Ficheiro de titularidades financeiras no exercicio das súas funcións. Os datos do Ficheiro de titularidades financeiras incorporados en informes de intelixencia estarán, así mesmo, sometidos ás previsións do artigo 46 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

3. O Servizo Executivo da Comisión levará un rexistro das consultas e accesos realizados no exercicio das súas funcións e polos puntos únicos de acceso.

#### Artigo 53. *Protección de datos.*

1. O Ficheiro de titularidades financeiras quedará sometido ás disposicións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e á súa normativa de desenvolvemento.

Serán aplicables ao Ficheiro de titularidades financeiras as medidas de seguridade de nivel alto establecidas na normativa de protección de datos de carácter persoal.

Serán aplicables ao Ficheiro de titularidades financeiras as disposicións contidas no artigo 32.2 e 3 da Lei 10/2010, do 28 de abril. Non obstante, as entidades de crédito deberán informar os titulares, representantes e autorizados da cesión dos datos ao Ficheiro.

2. Os datos sobre contas e depósitos declarados ao Ficheiro de titularidades financeiras eliminaranse transcorridos dez anos desde a cancelación da conta corrente, conta de aforro, conta de valores ou depósito a prazo. Os datos relativos a intervinientes eliminaranse transcorridos dez anos desde a cancelación da conta ou depósito, ou desde que se comunique a súa baixa como titulares, apoderados ou representantes.

3. A Axencia Española de Protección de Datos exercerá, respecto do Ficheiro de titularidades financeiras, todas as competencias que lle atribúe a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en particular, a potestade de inspección prevista no artigo 40 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

#### Artigo 54. *Contido da función do Ministerio Fiscal.*

1. O fiscal xeral do Estado designará, de conformidade co disposto no artigo 43.4 da Lei 10/2010, do 28 de abril, o membro do Ministerio Fiscal encargado de velar polo uso adecuado do Ficheiro de titularidades financeiras. A designación será comunicada ao Consello Fiscal.

2. As funcións do Ministerio Fiscal consistirán en autorizar a relación de puntos únicos de acceso a quen o Servizo Executivo da Comisión habilitará a súa conexión ao sistema e verificar que as consultas ou accesos ao Ficheiro de titularidades financeiras foron realizados polas autoridades ou funcionarios autorizados e para os fins establecidos no artigo 43 da Lei 10/2010, do 28 de abril. Esta verificación realizarase na forma prevista nos artigos seguintes.

#### Artigo 55. *Verificación da regularidade das consultas e accesos por parte do Ministerio Fiscal.*

1. O Servizo Executivo da Comisión manterá permanentemente á disposición do fiscal designado o rexistro de consultas e accesos previsto no artigo 52.3. Sen prexuízo disto, cando por calquera motivo o Servizo Executivo da Comisión tiver coñecemento de que se produciu unha consulta ou acceso irregular ao Ficheiro de titularidades financeiras ou se solicite un acceso fóra da canle prevista nos puntos anteriores, dará traslado ao fiscal ou, se é o caso, ao punto único correspondente.

2. O fiscal poderá realizar a auditoría de accesos ao Ficheiro de titularidades financeiras cando o considere necesario para o control do seu adecuado uso; para estes efectos, terá acceso inmediato ao rexistro pormenorizado de accesos que se debe manter en cada punto de acceso segundo se establece no artigo 52.1. Así mesmo, os puntos de acceso deberán facilitar ao fiscal tanta información e documentación lles solicite, por si

ou a través do Servizo Executivo da Comisión, para levar a cabo a auditoría de accesos. En todo caso, o Servizo Executivo da Comisión remitirá semestralmente ao fiscal a listaxe de accesos realizados.

3. As funcións e os controis establecidos neste artigo entenderanse sen menoscabo de que a información se encontre igualmente á disposición da autoridade competente en materia de protección de datos para o exercicio das competencias que lle atribúe a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, ou outra normativa específica de aplicación en materia de protección de datos.

#### Artigo 56. *Iniciación de actuacións previas.*

1. Se, á vista da información remitida polo Servizo Executivo da Comisión, o fiscal considera que hai indicios de consulta ou acceso irregular ao Fichero de titularidades financeiras, iniciará actuacións previas que non poderán exceder o prazo dun ano.

2. O fiscal tamén poderá iniciar actuacións previas cando por calquera outro medio teña coñecemento de que se puido producir unha consulta ou acceso irregular ao Fichero de titularidades financeiras.

3. As actuacións previas terán por obxecto determinar, coa maior precisión posible, os feitos que puideren xustificar a incoación dun procedemento disciplinario por consulta ou acceso irregular ao Fichero, así como identificar a persoa que poida resultar responsable e fixar as circunstancias relevantes que puideren concorrer no caso.

4. Na tramitación das actuacións previas, o fiscal poderá requirir o auxilio que precise do Servizo Executivo da Comisión, así como requirir xustificación completa dos motivos de calquera consulta ou acceso a calquera das autoridades ou funcionarios que obtivesen datos do Fichero de titularidades financeiras. Para estes mesmos efectos, poderase dirixir a calquera organismo en cuxo poder figure información relativa á consulta ou ao acceso investigado para que a proporcione.

#### Artigo 57. *Resultado das actuacións previas.*

1. Se das actuacións previas resulta que a consulta ou o acceso investigado foi irregular, o fiscal remitirá copia do actuado ao órgano a que corresponda o inicio do correspondente procedemento disciplinario, salvo que os feitos sexan constitutivos de delito, caso en que remitirá o actuado ao Ministerio Fiscal ou órgano xudicial competente. No caso de que se aprecie a existencia dunha vulneración de Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, os feitos serán postos inmediatamente en coñecemento da Axencia Española de Protección de Datos ou da autoridade de protección de datos que resulte competente.

2. O órgano competente para exixir responsabilidade disciplinaria ao suxeito responsable da consulta ou acceso irregular deberá incoar o procedemento disciplinario correspondente e notificar a resolución que poña fin ao procedemento ao fiscal, que poderá interpor contra ela recurso contencioso.

3. Se das actuacións previas resulta que a consulta ou acceso foi regular, o fiscal archivaraaas.

### *Sección 4.<sup>a</sup> Sancións*

#### Artigo 58. *Execución de sancións.*

1. A execución das resolucións sancionadoras firmes corresponderá á Secretaría da Comisión.

2. A recadación das sancións pecuniarias corresponderalles ás delegacións de Economía e Facenda en período voluntario e á Axencia Estatal de Administración Tributaria no período executivo.

3. A sanción de amoestación pública, unha vez que sexa firme en vía administrativa, será executada na forma que se estableza na resolución. En todo caso, será publicada no

«Boletín Oficial del Estado» e na páxina web da Comisión, do Servizo Executivo da Comisión e da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Artigo 59. *Execución de sancións por incumprimento da obriga de declarar prevista no artigo 34 da Lei 10/2010, do 28 de abril.*

No caso dos procedementos por incumprimento da obriga de declaración establecida no artigo 34 da Lei 10/2010, do 28 de abril, a multa farase efectiva nas cantidades que, se é o caso, tivesen sido constituídas en garantía, de conformidade co artigo 61.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril. Cando a contía da sanción non poida ser totalmente satisfeita pola garantía constituída para o efecto, procederáse conforme o artigo 58.2 deste regulamento.

#### *Sección 5.<sup>a</sup> Protección de datos*

Artigo 60. *Utilización de datos e nivel de seguridade nos tratamentos de carácter persoal.*

1. Os datos recollidos polos suxeitos obrigados para o cumprimento das obrigas de dilixencia debida establecidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, e neste regulamento non poderán ser utilizados para fins distintos dos relacionados coa prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo sen o consentimento do interesado, salvo que o tratamento destes datos sexa necesario para a xestión ordinaria da relación de negocios.

2. Os suxeitos obrigados aplicarán medidas de seguridade de nivel alto aos tratamentos levados a cabo para o cumprimento das obrigas de comunicación ás cales se refire o capítulo III deste regulamento.

3. Será exixible aos tratamentos efectuados no cumprimento do deber de dilixencia debida o nivel de seguridade que corresponda conforme o previsto na normativa vixente de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 61. *Ficheiros comúns para o cumprimento das obrigas en materia de prevención.*

1. Conforme o disposto no artigo 33.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, cando concorran riscos extraordinarios identificados mediante as análises a que se refire o artigo 65.1.e), a Comisión, logo do ditame conforme da Axencia Española de Protección de Datos, poderá autorizar o intercambio de información sobre determinadas categorías de operacións ou clientes.

2. Conforme o disposto no artigo 33.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril, cando as operacións que fosen obxecto de comunicación por indicio ao Servizo Executivo da Comisión e posterior rexeitamento polo suxeito obrigado, polas súas características, poidan ser intentadas en forma idéntica ou similar ante outro suxeito obrigado, a Comisión, logo de ditame conforme da Axencia Española de Protección de Datos, poderá autorizarlles aos suxeitos obrigados o establecemento, ben directamente ben por medio das asociacións a que pertencen, de ficheiros comúns para o intercambio desta información.

Estes sistemas deberán cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Só se poderá incorporar ao Ficheiro información relacionada con operacións que fosen previamente obxecto de comunicación por indicio ao Servizo Executivo da Comisión, sen que se producise a súa devolución por este último, cando, unha vez rexeitadas polo suxeito obrigado comunicante, estas operacións sexan susceptibles de se intentar ante outros suxeitos obrigados.

b) O tratamento dos datos contidos no Ficheiro unicamente poderá levarse a cabo coa finalidade de previr ou impedir operacións relacionadas co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo. En particular, os datos contidos no Ficheiro non se

poderán incorporar a outros sistemas de detección e prevención da fraude que non se encontren relacionados coas materias indicadas.

c) O acceso aos datos contidos nos ficheiros quedará exclusivamente limitado a aqueles suxeitos obrigados ante os cales se poida reiterar a operativa a que se refira a información.

d) Unicamente poderán ter acceso ao Ficheiro aqueles que integren os órganos de control interno a que se refire o artigo 35 deste regulamento.

En todo caso, serán de aplicación a estes ficheiros as exencións e obrigas a que se refire o artigo 33.5 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

## CAPÍTULO VI

### Da organización institucional

*Artigo 62. Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias.*

1. A Comisión é o órgano competente para a determinación das políticas nacionais de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, e exercerá as funcións que lle atribúe o artigo 44.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

Estas políticas, que serán periodicamente actualizadas, serán congruentes cos riscos identificados de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo.

2. A Comisión actuará en pleno e a través do Comité Permanente e do Comité de Intelixencia Financeira.

O Pleno da Comisión e os seus comités entenderanse validamente constituídos en primeira convocatoria, coa presenza do presidente, do secretario e da metade, polo menos, dos seus membros; e, en segunda convocatoria, coa presenza dun terzo dos seus membros, incluídos o presidente e o secretario.

3. A Comisión e os seus comités reuniranse con carácter xeral dúas veces ao ano, sen prexuízo da posible convocatoria de reunións adicionais cando sexan procedentes.

Excepcionalmente, por razóns de urxencia, a Comisión poderá adoptar as súas decisións por procedemento escrito. O secretario, por orde do presidente, dirixirá un escrito aos vogais para que, nun prazo non inferior a sete días, manifesten a súa conformidade ou desconformidade coa proposta de acordo sometida a consideración.

4. Sen prexuízo das peculiaridades previstas neste regulamento, a Comisión rexerese polo disposto no capítulo II, título II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

*Artigo 63. Pleno da Comisión.*

1. O Pleno da Comisión estará integrado polos seguintes vogais:
  - a) O secretario de Estado de Economía e Apoio á Empresa, que exercerá a presidencia.
  - b) O secretario xeral do Tesouro e Política Financeira.
  - c) O fiscal de sala xefe da Fiscalía Antidroga.
  - d) O fiscal de sala xefe da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada.
  - e) O fiscal de sala xefe da Audiencia Nacional.
  - f) Un vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial designado polo seu presidente.
  - g) O secretario xeral do Banco de España.
  - h) O director xeral de Supervisión do Banco de España.
  - i) O director xeral do Servizo Xurídico da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
  - j) O director xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
  - k) O director xeral de Comercio e Investimentos.
  - l) O director xeral de Rexistros e do Notariado.
  - m) O director xeral de Política Exterior e Asuntos Multilaterais, Globais e de Seguridade.
  - n) O director da Axencia Española de Protección de Datos.
  - ñ) O director de gabinete do secretario de Estado de Seguridade.
  - o) O comisario xeral de Policía Xudicial.

- p) O xeneral xefe de Policía Xudicial da Garda Civil.
- q) O director de Intelixencia do Centro Nacional de Intelixencia.
- r) O director da Policía Autónoma Vasca – Ertzaintza.
- s) O director xeral da Policía da Xeneralidade de Cataluña.
- t) O director da Policía Foral de Navarra.
- u) O director do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- v) O director do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- w) O director do Servizo Executivo da Comisión.
- x) O subdirector xeral de Inspección e Control de Movementos de Capitais dependente da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

2. A condición de vogal da Comisión é persoal e non delegable. Non obstante, en caso de imposibilidade, poderá asistir ao pleno da Comisión, con voz pero sen voto, un representante con rango, polo menos, de subdirector xeral da institución a que pertenza o vogal.

#### Artigo 64. *Comité Permanente da Comisión.*

1. O Comité Permanente da Comisión exercerá as seguintes funcións:
  - a) Orientar a actuación do Servizo Executivo da Comisión e aprobar a súa estrutura organizativa e directrices de funcionamento.
  - b) Aprobar, por proposta do Servizo Executivo da Comisión e, en caso de convenio, dos órganos de supervisión das entidades financeiras, o plan anual de inspección dos suxeitos obrigados, que terá carácter reservado.
  - c) Formular requirimentos aos suxeitos obrigados, relativos ao cumprimento das obrigas establecidas pola Lei 10/2010, do 28 de abril.
  - d) Incoar e, se é o caso, sobreser os procedementos sancionadores que procedan pola comisión de infraccións previstas na Lei 10/2010, do 28 de abril, por proposta da Secretaría da Comisión. Exceptúanse os procedementos sancionadores por incumprimento da obriga de declaración de movementos de medios de pagamento cuxa incoación e, se é o caso, sobresemento, lle corresponderá á Secretaría da Comisión.
  - e) Elevar ao Pleno da Comisión, por proposta da Secretaría da Comisión, proposta de resolución dos procedementos sancionadores por infraccións graves e moi graves previstas na Lei 10/2010, do 28 de abril, con excepción dos relativos ao incumprimento da obriga de declaración de movementos de medios de pagamento. Cando a proposta que se vaia elevar ao Pleno da Comisión altere a cualificación xurídica determinada en fase de instrución, daráselle audiencia ao interesado para que realice as alegacións que ao seu dereito conveñan. O Pleno da Comisión, vista a proposta de resolución elevada polo Comité Permanente, propondrá o que resulte procedente ao ministro de Economía e Competitividade.
2. O Comité Permanente da Comisión estará integrado polos seguintes vogais:
  - a) O secretario xeral do Tesouro e Política Financeira, que exercerá a Presidencia.
  - b) Un representante do Banco de España.
  - c) Un representante da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
  - d) Un representante da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
  - e) Un representante da Secretaría de Estado de Seguridade.
  - f) Un representante da Dirección Xeral da Policía.
  - g) Un representante da Dirección Xeral da Garda Civil.
  - h) Un representante do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
  - i) Un representante do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- j) Un representante da Fiscalía Antidroga.
- k) O director do Servizo Executivo da Comisión.
- l) O subdirector xeral de Inspección e Control de Movementos de Capitais dependente da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

A condición de membro do Comité Permanente non require da condición previa de membro do Pleno da Comisión. Os representantes designados polas diferentes institucións, ou os seus suplentes, deberán ter rango, polo menos, de subdirector xeral ou equivalente.

Artigo 65. *Comité de Intelixencia Financeira.*

1. Créase o Comité de Intelixencia Financeira que, con carácter xeral, impulsará a actividade de análise e intelixencia financeiras do Servizo Executivo da Comisión e será responsable da análise de risco nacional en materia de branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. En particular, o Comité de Intelixencia Financeira exercerá as seguintes funcións:

- a) Aprobar, por proposta do Servizo Executivo da Comisión, os criterios xerais de difusión dos informes de intelixencia financeira.
- b) Facilitar a retroalimentación ao Servizo Executivo da Comisión das institucións receptoras sobre os informes de intelixencia financeira.
- c) Establecer, por proposta do Servizo Executivo da Comisión, un procedemento de valoración por parte das institucións receptoras dos informes de intelixencia financeira.
- d) Aprobar, por proposta do Servizo Executivo da Comisión, orientacións e directrices xerais en materia de análise e intelixencia financeiras.
- e) Coordinar as accións de análise de riscos en materia de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo e velar para que estas análises se mantexan actualizadas e relevantes e os recursos sexan utilizados de forma eficiente para mitigar os riscos identificados. Con este fin, o Comité de Intelixencia Financeira poderá realizar recomendacións ao Servizo Executivo da Comisión sobre o plan anual de inspección dos suxeitos obrigados.
- f) Establecer os mecanismos adecuados para proporcionar información sobre os riscos identificados ás autoridades competentes e aos suxeitos obrigados, directamente ou por medio das súas asociacións profesionais. Esta información será incorporada polos suxeitos obrigados ás análises de risco a que se refire o artigo 32.
- g) Proporlle á Comisión a adopción de medidas de mitigación dos riscos identificados.
- h) Realizar estudos de tipoloxías en materia de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo, apoiándose na análise estratéxica que realice o Servizo Executivo da Comisión.
- i) Aprobar, por proposta do Servizo Executivo da Comisión, orientacións e directrices aos suxeitos obrigados en materia de comunicación de operacións por indicio.
- j) Orientar e instruír a actuación do Grupo de Traballo de Control de Efectivo ou doutros grupos cuxa creación poida ser decidida polo Comité de Intelixencia Financeira.

2. O Comité de Intelixencia Financeira estará integrado polos seguintes vogais:

- a) O secretario xeral do Tesouro e Política Financeira, que exercerá a Presidencia.
- b) Un representante da Fiscalía Antidroga.
- c) Un representante da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada.
- d) Un representante da Fiscalía da Audiencia Nacional.
- e) Un representante do Banco de España.
- f) Un representante da Dirección Xeral da Policía.
- g) Un representante da Dirección Xeral da Garda Civil.
- h) Un representante do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- i) Un representante do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- j) Un representante do Centro Nacional de Intelixencia.
- k) Un representante do Centro de Intelixencia contra o Crime Organizado.
- l) O director do Servizo Executivo da Comisión.
- m) O subdirector xeral de Inspección e Control de Movementos de Capitais dependente da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

A condición de membro do Comité de Intelixencia Financeira non require da condición previa de membro do Pleno da Comisión. Os representantes designados polas diferentes institucións ou os seus suplentes deberán ter rango, polo menos, de subdirector xeral ou equivalente.

3. O director do Servizo Executivo da Comisión informará, nas reunións do Comité de Intelixencia Financeira, das tendencias en materia de comunicación de operativa sospeitosa, da evolución do número e calidade das comunicacións e da detección de calquera patrón de risco de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo identificados no exercicio da súa actividade.

4. Ás reunións do Comité de Intelixencia Financeira poderán asistir outros expertos, con voz pero sen voto, cando o presidente o xulgue preciso á vista dos asuntos incluídos na correspondente orde do día.

#### Artigo 66. *Secretaría da Comisión.*

1. A Secretaría da Comisión será desempeñada pola Subdirección Xeral de Inspección e Control de Movementos de Capitais da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e o seu titular terá, con carácter nato, a condición de secretario e vogal da Comisión e dos seus comités.

2. A Secretaría da Comisión exercerá as seguintes funcións:

a) Acordar a realización de actuacións previas á incoación de procedementos sancionadores pola comisión de infraccións previstas na Lei 10/2010, do 28 de abril.

b) Propórllle ao Comité Permanente a incoación e o sobresemento dos procedementos sancionadores que procedan pola comisión de infraccións previstas na Lei 10/2010, do 28 de abril, con excepción dos procedementos sancionadores por incumprimento da obriga de declaración de movementos de medios de pagamento.

c) Incoar e sobreseer os procedementos sancionadores por incumprimento da obriga de declaración de movementos de medios de pagamento establecida no artigo 34 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

d) Instruír os procedementos sancionadores por infraccións previstas na Lei 10/2010, do 28 de abril.

e) Elevar ao Comité Permanente da Comisión a proposta de resolución dos procedementos sancionadores que procedan pola comisión de infraccións graves e moi graves previstas na Lei 10/2010, do 28 de abril, con excepción dos procedementos sancionadores por incumprimento da obriga de declaración de movementos de medios de pagamento.

f) Elevar ao secretario xeral do Tesouro e Política Financeira a proposta de resolución dos procedementos sancionadores que procedan pola comisión de infraccións leves previstas na Lei 10/2010, do 28 de abril, e por incumprimento da obriga de declaración de movementos de medios de pagamento establecida no artigo 34 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

g) Coordinar a participación española nos foros internacionais contra o branqueo de capitais e contra o financiamento do terrorismo.

h) Elaborar os proxectos de normas en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.



3. A Secretaría da Comisión exercerá, así mesmo, as competencias atribuídas en materia de transaccións económicas co exterior e sancións financeiras internacionais, e poderá acordar as actuacións inspectoras que resulten procedentes.

Artigo 67. *Servizo Executivo da Comisión.*

1. O Servizo Executivo da Comisión é a Unidade de Intelixencia Financeira española e é único en todo o territorio nacional.

O Servizo Executivo da Comisión é, así mesmo, autoridade supervisora en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo e execución das sancións e contramedidas financeiras a que se refire o artigo 42 da Lei 10/2010, do 28 de abril. Sen prexuízo disto, os órganos supervisores das entidades financeiras poderán celebrar coa Comisión os convenios en materia de supervisión a que se refire o artigo 44.2.m) da Lei 10/2010, do 28 de abril.

2. No exercicio da súa función supervisora e tras a realización do informe de inspección a que se refire o artigo 47.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, o Servizo Executivo da Comisión ou os órganos supervisores a que se refire o seu artigo 44 remitirán ao suxeito obrigado un escrito de conclusións da inspección, no cal incluírán recomendacións relativas á adecuación das medidas de control interno establecidas polo suxeito obrigado para dar cumprimento ás obrigas contidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, e na súa normativa de desenvolvemento. Á vista das recomendacións realizadas, os suxeitos obrigados elaborarán un plan de acción para os efectos de incorporar o seu contido e sinalarán os prazos de implementación e aplicación de cada unha das medidas.

3. Sen prexuízo, se for o caso, da incoación de procedemento administrativo sancionador, o Servizo Executivo da Comisión ou os órganos supervisores a que se refire o artigo 44 da Lei 10/2010, do 28 de abril, poderán propor ao Comité Permanente a adopción de requirimentos polos cales se exixirá a adopción de determinadas medidas imprescindibles para o correcto cumprimento das obrigas contidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, ou nas súas normas de desenvolvemento. O requirimento estará sometido a un prazo para que sexa atendido adecuadamente. Transcorrido este, e en caso de non se teren adoptado as medidas exixidas, o órgano competente incoará expediente sancionador de acordo co establecido nos artigos 51.1.e) e 52.1.w) da Lei 10/2010, do 28 de abril.

4. O Servizo Executivo da Comisión remitirá, utilizando canles protexidas, seguras e exclusivas, o correspondente informe de intelixencia financeira aos órganos de investigación competentes cando aprecie a existencia de indicios ou certeza de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo. Así mesmo, o Servizo Executivo da Comisión poderá trasladar á Axencia Estatal de Administración Tributaria aqueles informes nos cales se aprecie a existencia de información con transcendencia tributaria e atenderá as peticións de información das autoridades legalmente habilitadas.

No exercicio das súas funcións de análise e intelixencia financeiras, o Servizo Executivo da Comisión, sen prexuízo de aplicar as directrices e orientacións de carácter xeral da Comisión e dos seus comités, actuará con autonomía e independencia operativas. En particular, o Servizo Executivo da Comisión non poderá solicitar ou recibir instrucións de ningún órgano respecto da análise e diseminación de casos concretos, que se realizará con criterios estritamente técnicos.

5. Sen prexuízo da súa actividade de análise operativa, o Servizo Executivo da Comisión realizará funcións de análise estratéxica con obxecto de identificar patróns, tendencias e tipoloxías, dos cales informará ao Comité de Intelixencia Financeira, que determinará posibles ameazas e vulnerabilidades nunha análise de risco que informará as políticas en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo a que se refire o artigo 62.1.

6. A información recibida, procesada, mantida ou difundida polo Servizo Executivo da Comisión deberá ser adecuadamente protexida. En particular, estableceranse políticas que garantan a seguridade e a confidencialidade da dita información, incluíndo procedementos adecuados de manexo, arquivamento, difusión, protección e acceso.

7. O director do Servizo Executivo da Comisión exercerá a dirección de todo o persoal que preste os seus servizos no dito servizo, independentemente do sistema de adscrición ou dependencia orgánica.

Unha vez nomeado de conformidade co disposto no artigo 44.2.d) da Lei 10/2010, do 28 de abril, o director percibirá as súas retribucións, que serán fixadas pola Comisión, con cargo ao orzamento do Servizo Executivo da Comisión a que se refire o artigo 45.3, parágrafo cuarto, da Lei 10/2010, do 28 de abril. Naqueles casos en que o director do Servizo Executivo da Comisión sexa un empregado do Banco de España, aplicarase o réxime previsto no artigo 45.3, parágrafo terceiro, da Lei 10/2010, do 28 de abril.

Así mesmo, percibirá as súas retribucións con cargo ao orzamento do Servizo Executivo da Comisión, e quedará vinculado a este por unha relación de dereito laboral, o persoal contratado polo Servizo Executivo da Comisión. Os procedementos de contratación, que exixirán a autorización previa da Comisión, terán carácter competitivo e basearanse nos principios de mérito e capacidade.

O Banco de España, por proposta da Comisión, poderá destinar ao Servizo Executivo da Comisión os empregados que se consideren necesarios para o exercicio das funcións encomendadas a este. Os empregados do Banco de España destinados no Servizo Executivo da Comisión manterán a súa relación laboral co Banco de España e rexeranse pola súa normativa específica.

#### Artigo 68. *Unidades policiais adscritas ao Servizo Executivo da Comisión.*

1. Quedarán adscritas ao Servizo Executivo da Comisión as seguintes unidades policiais:

- a) A Brigada Central de Intelixencia Financeira do Corpo Nacional de Policía.
- b) A Unidade de Investigación da Garda Civil.

2. As unidades policiais adscritas, baixo a dependencia funcional da Dirección do Servizo Executivo da Comisión, colaborarán no desenvolvemento das funcións de análise e intelixencia financeiras atribuídas ao Servizo Executivo da Comisión polo artigo 46 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

No exercicio de funcións de policía xudicial, as unidades policiais adscritas rexeranse polo establecido no artigo 31.1 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

3. O Ministerio do Interior, por proposta da Comisión, destinará ás unidades policiais adscritas ao Servizo Executivo da Comisión os funcionarios do Corpo Nacional de Policía e da Garda Civil que se consideren necesarios para o exercicio das funcións encomendadas a estas unidades.

#### Artigo 69. *Unidade da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria, no marco das súas normas de estrutura orgánica, adscribirá ao Servizo Executivo da Comisión unha unidade que, baixo a dirección funcional da Dirección do Servizo Executivo, colaborará no desenvolvemento das funcións de análise e intelixencia financeiras atribuídas a este servizo, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

2. A Axencia Estatal de Administración Tributaria, por proposta da Comisión, destinará a esta unidade os funcionarios que se consideren necesarios para o exercicio das funcións encomendadas a ela.